

PROGRAMACIÓN

XERAL ANUAL

A escola que queremos



CRA A LAGOA

SALVATERRA DE MIÑO

CURSO 2024-2025

"O obxecto da educación é formar a seres aptos para gobernarse a sí mesmos, e non para ser gobernados polos demais"

Hert Spencer

ÍNDICE

Introdución	3
1. Contextualización do centro	4
Datos xerais	4
Breve historia	5
Características xeofísicas	5
2. Obxectivos específicos para o curso académico. Medidas a desenvolver para a súa consecución e recursos previstos	6
3. Concreción anual do proxecto educativo	10
4. Plan de utilización das instalacións e equipamento do centro	11
Equipamento das aulas	13
5. Plan de autoprotección, emerxencia-evacuación	14
6. Xornada escolar e horario do centro. Horario de atención ó público. Horario das aulas ...	15
Criterios de elaboración dos horarios	18
7. Organización do centro: situación do persoal docente, cadro de organización pedagóxica, estadística do alumnado	19
Estrutura Orgánica	19
Alumnado por aulas	24
8. Plan de actuación dos órganos colexiados, do equipo directivo e obxectivos específicos ..	24
Órganos colexiados	25
Actividades de coordinación do equipo directivo	27
9. Plan de organización e coordinación das tarefas do persoal non docente	27
10. Programación e calendario das reunións dos órganos de goberno e de coordinación docente	28
11. Estratexias metodolóxicas e organizativas de atención ao alumnado con NEAE	30
Estratexias metodolóxicas e organizativas	30
12. Concreción anual do PXAD	32
13. Plan para a potenciación e organización das relacións coa familia	34
14. Plan xeral de avaliación do centro	36
15. Programa anual de actividades complementarias e extraescolares	37
Actividades complementarias	37
Actividades extraescolares: estas actividades veñen desenvolvidas pola ANPA, que presenta o seu programa xeral anual no anexo II a este documento	40
16. Equipo de dinamización da lingua galega	40
17. Proxectos de dinamizacións	41

Proxecto de dinamización das novas tecnoloxías da información e comunicación (tic)	
Concreción anual do plan tics	41
Dinamización de biblioteca. Plan anual de lectura	47
Concreción anual do plan de convivencia	56
Concreción anual do plan de traballo da coordinadora do benestar e convivencia do centro	58
18. Participación do profesorado e do centro en programas de innovación educativa	59
19. Libros de texto e demais materiais curriculares establecidos no centro	60
Informe do Claustro	61

ANEXOS

1ª ADDENDA proxecto lingüístico
 Programación ANPA

Introdución

Comezamos un novo curso, rexíndonos pola Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, e o noso centro concretamente xa que imparte tan só o segundo ciclo da E.I., polo DECRETO 150/2022 do 8 de setembro, que establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

Baixo estas premisas, e tendo en conta os cambios estruturais que introducen o decreto que nos rixe, abordamos un novo desafío no que pretendemos introducir todas as melloras posibles por medio dunha gran sinerxia que inclúa toda a comunidade educativa, o espazo-contorna onde nos atopamos e unha constante formación do profesorado, o cal debe ser o motor que impulse toda esta “maquinaria”. Queremos facer honra desta filosofía esencial do centro, involucrando aínda máis a toda a comunidade educativa, cunha estreita colaboración das familias, convivencia constante de todo o centro e máis feedback entre o entorno-casa-centro.

Por isto, retomarase o entramado de relacións nas que se combinan a acción do titor/a e dos mestres/as especialistas co soporte do departamento de orientación, da familia, a colaboración do Concello e a relación cos outros centros do entorno. Intentaremos potenciar estas relacións co obxectivo de garantir un ensino de calidade para os nenos e as nenas das distintas parroquias do concello de Salvaterra de Miño.

Isto implica unha estreita coordinación entre os equipos de goberno do centro, tanto os unipersoais coma os colexiados, para a posta en práctica dun proxecto de escola rural que potencie tódalas capacidades dos nenos/as para o seu desenvolvemento integral.

Este curso, invertiremos esforzos na actualización do Proxecto Educativo de xeito moi consciente, para crear o modelo de escola que queremos e no que vimos traballando durante os últimos anos.

Contextualización do centro

Datos xerais

- Tipo de colexio: Colexio Rural Agrupado de Educación Infantil.
- Denominación: C.R.A. "A Lagoa".
- Enderezo da sede: Rúa Rosalía de Castro, nº 108. Salvaterra de Miño.
- Código Postal: 36450.
- Teléfono/fax: 986 65 93 63.
- Código do centro: 36024070
- Correo electrónico: cra.alagoa@edu.xunta.es
- Titularidade do Centro: Pública
- Nº de unidades: 7 de 2º ciclo de E. I.
- Horario do centro: Réxime de xornada continuada de 9:00hs a 14:00 hs
- Horario de atención ás familias: martes de 17.00 a 18.00, aínda que se ofrece flexibilidade para poder atender ás demandas das familias.
- Postos de traballo: 14 + 3 compartidos (Relixión, Orientación e PT) + 1 coidadora
- Centros aos que está adscrito:
 - C.E.P. "Carlos Casares"
 - C.E.I.P. "Infante Felipe de Borbón"
 - C.E.I.P. de Leirado.

Breve historia

O C.R.A. A Lagoa foi constituído en novembro de 1999 (DOGA 11/11/99) a partir das escolas unitarias que integraban o concello de SALVATERRA DE MIÑO. Inicialmente constaba de once aulas (10 de educación infantil e 1 de ed. primaria) situadas nas parroquias de: **A Vesada** (unha unidade de Educación Primaria e outra de Educación Infantil, **Arantei**, **Cabreira**, **Corzáns**, **Fornelos** (2 unidades de Educación Infantil), **Lira**, **Meder**, **Oleiros** e **Pesqueiras**.

No curso 2000/2001 procederon ó peche da aula de Lira, quedando o C.R.A. con 10 unidades. Posteriormente, no curso 2002/2003 pecháronse a unidade de Educación Primaria de A Vesada, unha unidade de Educación Infantil na escola de Fornelos e a escola de Cabreira. No curso 07/08 realizouse un desdobre na escola de A Vesada (separáronse os/as alumnos/as de 3 anos dos de 4 e 5 anos e no 2010-2011 convertéronse en aulas mixtas de 3,4 e 5 anos) e no curso 2008/2009 abriuse de novo a escola de Cabreira, pasando deste xeito o C.R.A. a contar con nove unidades. No curso 2013-2014, péchase a segunda aula de A Vesada e ábrese unha nova unidade en Oleiros que funcionan como dúas unidades de 3,4 e 5 anos, coma as demais.

No curso 2014-2015, péchase a aula de Meder por falta de alumnado e ábrese unha segunda aula en Fornelos que funciona en grupo mixto de 3, 4 e 5 como todas as demais. Quedando así o CRA con 9 aulas en 7 escolas.

No curso 2015-2016 comezamos cunha unidade menos na escola de Oleiros, polo que pasamos a ser 7 escolas e 8 unidades, e no curso, 2017-2018, comezamos cunha unidade menos, xa que a escola de Fornelos pasou a ter unha soa aula. E desde ese momento continuamos con 7 escolas.

Características xeofísicas

Salvaterra de Miño é un concello situado no sur da provincia de Pontevedra, pertencente ao Condado da Paradanta. Fai fronteira con Portugal ó que se chega cruzando a ponte construída sobre o río Miño. Limita cos concellos de **Ponteareas**, **As Neves** e **Salceda de Caselas**. Ten unha extensión de 70 km² espallados en 17 parroquias.

Dende o punto de vista socio-económico é un dos municipios que compoñen a Área Metropolitana de Vigo, que é a que proporciona maior número de ofertas laborais non agrarias aos seus veciños. Xunto con Monção (Portugal), forma a Eurocidade e benefíciase de rutas e zonas naturais de ocio e recreación atractivas e ben coidadas. Está dentro tamén da plataforma GDR Condado Paradanta para o fomento do rural.

Caracterizado por un clima húmido con gradación mediterránea, este concello ten unha clara tradición hortícola e vinícola, acadando cada ano máis importancia a “Festa do viño do Condado”. Non podemos esquecer na bioxeografía a súa fauna piscícola, especialmente as troitas e as lampreas debido á gran influencia que exerce nestas terras o río Miño fronteira limítrofe co veciño Portugal.

A pirámide de idade revela unha poboación desequilibrada, froito da emigración. É importante salientar que en moitos casos os nenos e as nenas viven na mesma casa con pais e avós, o que axuda á continuidade e pervivencia de tradicións e costumes.

O concello de Salvaterra está apostando pouco a pouco pola industrialización, favorecido entre outras causas pola mellora das comunicacións e polo proxecto da implantación no concello da plataforma loxística do Porto Seco, que se viu paralizado pola crise e que pouco a pouco comeza a retomarse.

As profesións e oficios dos pais e nais dos nosos alumnos/as son variados: fábricas de coches, traballos coa pedra, hostalería, autónomos... En relación á conciliación, teñen gran relevancia as avoas e avós, que son en moitos casos os que entregan ou recollen ao alumnado no centro.

Obxectivos específicos para o curso académico. Medidas a desenvolver para a súa consecución e recursos previstos

***Obxectivo: Velar polo benestar físico e emocional do alumnado**

Medidas e recursos:

Estase velando pola mellora e mantemento das instalacións e espazos, así como dos materiais empregados para a aprendizaxe, de xeito que sexan o máis seguros posible. Estanse tamén a traballar as emocións para axudarlles a expresarse como vía de canalización dos seus sentimentos.

***Obxectivo: Favorecer o desenvolvemento da autonomía persoal dos alumnos/as aprendendo a utilizar as ferramentas do pensamento, a planificar a súa propia actividade e a desenvolver estratexias cognitivas, de experimentación, exploración... que lles permita que “aprendan a aprender”.**

Medidas e recursos:

Dotar as aulas do CRA duns espazos, tempos, recursos materiais e apoios persoais adecuados e que respecten as diferentes etapas de desenvolvemento nas que se atopa o alumnado.

***Obxectivo: executar o Plan de Acción Titorial.**

Medidas e recursos:

O Claustro levará a cabo o P.A.T. seguindo os criterios establecidos pola C.Coord.Pedagóxica e coa colaboración da orientadora.

*** Obxectivo: optimizar o traballo dos distintos equipos do centro.**

Medidas e recursos:

Este ano estamos de aniversario, pois o noso CRA cumpre os 25 anos. Esta data tan sinalada vai ser o eixe vertebrador do noso proxecto, co que pretendemos levar a cabo actividades para conmemorar esta celebración, ademais de vincular ao alumnado coa historia da súa contorna próxima, coas súas costumes e tradicións rurais. Así dende as diferentes reunións de profesorado propoñeranse actividades as cales xirarán a coñecer mellor as nosas escolas, os seus inicios, persoas que traballaron ou que estudaron nelas, etc. Para conseguir unha boa coordinación de todo o profesorado será fundamental optimizar as reunións dos martes á tarde sendo o momento de chegar a acordos que fagan que as nosas escolas traballen este proxecto anual dende as sinais de identidade que establece o noso novo Proxecto Educativo.

*** Obxectivo : asesorar ás familias sobre o desenvolvemento do neno/-a e a súa educación.**

Medidas e recursos:

A través da acción titorial, os informes de avaliación, entrevistas co departamento de orientación. Establecer dende o departamento de orientación a posibilidade de aportar ás familias algunha charla-coloquio sobre conceptos que lles poidan resultar interesantes para a educación e aprendizaxe dos seus fillos.

*** Obxectivo : continuar fomentando a participación das familias na vida da escola.**

Medidas e recursos:

Explicadas no apartado XI da colaboración coas familias. Aseguraremos a colaboración das familias, destacando a colaboración e coordinación coa ANPA do centro, como eixo conector de aprendizaxes entre escola e familia. Trataremos de abrir as portas das escolas a propostas interesantes que proveñan das familias, fomentando a súa implicación en actividades do centro. Este ano ademais, aproveitando o proxecto do 25 aniversario, implicarémolas como fonte de información, investigación e recopilación de datos históricos das escolas.

*** Obxectivo : manter os compromisos coa comunidade en tódalas propostas educativas.**

Medidas e recursos:

Desenvolver a coordinación cos C.E.P. Carlos Casares, C.E.I.P. Infante Felipe de Borbón, e C.E.I.P. de Leirado ós que se trasladan os nosos alumnos/as, establecendo uns requisitos mínimos de xeito conxunto para a etapa de EI, de xeito que exista un acordo no nivel esixido no primeiro curso de EP entre todos os centros adscritos.

Colaboración co concello de Salvaterra de Miño, para a mellora das instalacións, continuación das medidas de concilia e promoción e visibilidade das actividades levadas a cabo dende o CRA co obxectivo de asegurar a matrícula e permanencia das escolas.

*** Obxectivo : levar a cabo un plan de acollida para o período de adaptación destinado ó alumnado que se incorpore por primeira vez ó centro.**

Medidas e recursos:

A través da flexibilización de horarios nun principio, e de diferentes actividades a continuación. O primeiro mes de curso, teremos un horario

*** Obxectivo: investigar e formarnos para continuar coa mesma liña metodolóxica de traballo por proxectos e organización das aulas.**

Medidas e recursos:

Estamos en contínua formación de centro, e este ano diversificaremos as liñas de investigación coa axuda do CFR.

*** Obxectivo : establecer unha “ xornada de portas abertas”**

Medidas e recursos:

Realización dunha xornada de portas abertas no mes de xuño, invitando ás familias de nova incorporación a coñecer as aulas para comezar o período de adaptación do curso 2024-2025 antes de finalizar o presente curso .

Así mesmo, unha xornada de portas abertas previa ó período de matrícula, neste caso para familias que queiran coñecer as escolas. Entrega dun folleto informativo.

*** Obxectivo : dinamizar o funcionamento da biblioteca da sede e das de aula. Aínda pendentes da inminente obra para poñela a funcionar nun espazo máis amplo, e continuando no PLAMBE.**

Medidas e recursos:

De momento seguir co inventariado, agardando á obra. Por outro lado, seguir dotando as aulas de fondos e mobiliario para conseguir, se cabe, bibliotecas máis dinámicas e atractivas.

Ademais continuaremos co PLAMBE e continuaremos catalogando os fondos co programa KOHA, dando a coñecer as súas utilidades.

*** Obxectivo: Dinamizar e impulsar as novas tecnoloxías de información e comunicación do centro.**

Medidas e recursos:

Este ano, implantando as medidas recollidas no Plan Dixital que actualizaremos este curso, a ademais continuando co uso das PDI (recibindo formación específica para o uso deste novo recurso), das tablets... Continuamos coa difusión do noso traballo grazas a redes sociais coma o Instagram, o noso blogue ou a nosa páxina Web, respetando sempre a Lei de Protección de Datos á que nos temos que acoller.

*** Obxectivo: Dinamizar a convivencia escolar para mellorar o clima escolar, a través da función tutorial e propondo accións cooperativas.**

Medidas e recursos:

Selección daqueles ámbitos do PAT que máis inciden na convivencia.

Coordinación de actuacións no centro.

Promover a participación das familias.

Establecer o DO e o equipo directivo como órganos abertos e de confianza para a resolución de conflitos.

*** Obxectivo: continuar co proxecto do centro de “RESTAURACIÓN DAS ESCOLAS”.**

Medidas e recursos:

Avaliaremos a situación para consensuar os seguintes pasos a dar. Establecemos un novo procedemento de aviso para os arranxos, de xeito que quede rexistrado cando se deu aviso da necesidade dos mesmos e cando se realizaron. Este documento enviarase trimestralmente ao Concello co fin de involucralo cada vez máis na participación da vida do centro.

*** Obxectivo: poñer en práctica un simulacro de incendio en cada escola.**

Medidas e recursos:

A través do Plan de Emerxencias.

Avisarase con antelación da realización deste simulacro.

Concreción anual do proxecto educativo

Ao longo de varios anos levamos a cabo diferentes actuacións (cursos de formación, grupos de traballo...) para relexionar e mellorar a nosa organización e práctica educativa que desembocaron na elaboración o curso pasado do noso novo Proxecto Educativo baixo o lema “A ESCOLA QUE QUEREMOS”. É un proxecto de centro aberto, dinamizador do rural, que atenda ás necesidades formativas, emocionais, sociais e persoais do alumnado, das familias e do profesorado, facendo partícipe a toda a comunidade educativa.

Nel especificanse aspectos como as formas de colaboración cos servizos sociais, servizos de atención temperá, con outros centros da contorna así como a relación familia-escola.

Trataremos de establecer tamén estratexias de coordinación e colaboración para ter maior vínculo co Concello, buscando medidas consensuadas e coordinadas para o mantemento e perduración das escolas.

Buscaremos crear entre toda a comunidade educativa a visión e recoñecemento das nosas escolas como recurso para a dinamización e fomento do rural, posto que vincula de xeito particular ao alumnado coa súa contorna, as súas costumes e coa lingua galega.

Este curso presentaremos o Proxecto Educativo á Comunidade Educativa a través das redes sociais aproveitando o 25 aniversario do centro, para darlle así identidade, peso e funcionalidade. As actividades e actuacións que se leven a cabo partirán sempre dos principios educativos, metodolóxicos e sinais de identidade que establece o noso proxecto.

Plan de utilización das instalacións e equipamento do centro

A sede do C.R.A. atópase na rúa Rosalía de Castro, nº 108 de Salvaterra de Miño.

As aulas están repartidas nas parroquias de:

- **Arantei:** 1 unidade de Educación infantil
- **Cabreira:** 1 unidade de Educación infantil (estamos loitando polo recoñecemento dunha segunda unidade nesta aula en base ao acordo recente de agrupamentos).
- **Corzáns:** 1 unidade de Educación infantil
- **Fornelos:** 1 unidade de Educación infantil
- **Oleiros:** 1 unidade de Educación infantil
- **Pesqueiras:** 1 unidade de Educación infantil
- **A Vesada:** 1 unidade de Educación infantil

Case cada unha destas aulas conta cun espazo exterior pechado, máis ou menos amplo, empregado como zona de recreo. O feito de que as aulas estean repartidas nun radio aproximado de 20 km., fai que a itinerancia do profesorado e dos medios materiais sexa un dos nosos rasgos característicos e diferenciador con relación a outros centros.

- **Utilización das instalacións:**

Dadas as especiais características do C.R.A., temos que distinguir entre as instalacións de uso común (sede) e as propias das aulas.

As **instalacións** máis salientables coas que contamos son:

- **Sede administrativa**: instalación de uso común, que empregamos para tarefas de carácter docente (reunións, avaliacións...), administrativas e de traballo persoal. É un espazo pouco funcional, xa que apenas collemos todas durante os claustros, as mestras non teñen un espazo cómodo para poder elaborar material, non existe un departamento de orientación no que gardar o arquivo e no que a Xefatura do DO poida traballar de xeito íntimo asegurando a protección de datos, non hai unha zona na que recibir ás familias en privado cando é necesario. Necesítase que a sede sexa un espazo máis amplo, cómodo e funcional de traballo, con posibilidade de crear un despacho de orientación e dirección independentes, así como unha zona para reunións coas familias, polo que este curso continuaremos invertindo esforzos na realización das obras necesarias que están pendentes.
- **Biblioteca**: cada aula conta cun recanto de biblioteca, con préstamo de libros. Ademais, na sede do C.R.A. contamos cunha biblioteca con diferentes recursos para a aprendizaxe, que os mestres/as poden levar ás súas aulas. Para darlle o maior uso posible temos establecido un sistema de “maletas itinerantes” agrupando os libros, DVDs, xogos, robots... por temas, que percorren tódalas aulas. Nestes últimos anos, fomos aceptados no PLAMBE e foi realizada unha obra para mellorar o illamento da biblioteca central (ventás). Estamos preparando esta biblioteca para que goce dunhas instalacións (calefacción, ampliación) e recursos óptimos. Está pendente a realización dunha obra integral para mellorar as instalacións da sede e por tanto, desta biblioteca, pola que levamos esperando varios anos. A pesar disto, este curso trataremos de habilitar a biblioteca dentro das súas limitacións para poder abrila polo menos 1 día á semana pola tarde ao público.
- **Patios** (das distintas aulas): por acordo do Consello Escolar os patios quedarán pechados fóra do horario escolar. Durante estes anos, leváronse a cabo iniciativas de mellora dos patios escolares, así como das instalacións das aulas, nas que colaboraron tamén as familias activamente, con aportacións do Concello. O profesorado participou, e participa, para isto en diferentes cursos de formación.
- **Ximnasio**: non contamos cun ximnasio propiamente dito en ningunha das aulas, aínda que tentamos ter un espazo destinado para as sesións de psicomotricidade: Arantei ten cedido, por parte da asociación de veciños, o uso da aula anexa á escola. A Vesada e Fornelos contan coa aula

anexa. Oleiros conta con 2 aulas amplas. Cabreira conta tamén cunha aula anexa. Pe non ten aula anexa. Corzáns non ten espazo diferenciado para esta actividade e a aula non é de grandes dimensións, o que dificulta a realización das sesións.

- Despacho de AL: tampouco existe un despacho como tal. Para o traballo de AL empréganse os despachos en Fornelos, Pesqueiras, Arantei; e as aulas anexas da Vesada, Cabreira e Oleiros. No caso de Corzáns emprégase un despacho moi pequeno que se usa ademais para gardar produtos de limpeza, materiais de psicomotricidade e material de aula, facendo o traballo un pouco incómodo. O mesmo sucede coas sesións de relixión e alternativa.

Para levar a cabo **conmemoracións e convivencias** entre aulas o centro fai uso doutras instalacións pertencentes ó Concello, como por exemplo as Casas de Cultura das distintas parroquias, praza do Concello, Parque da Canuda, Biblioteca municipal, pavillón de Arantei... entre outros. Este tipo de actividades complementarias teñen grande importancia neste tipo de centros, xa que as escolas que forman o C.R.A. están entre elas afastadas. Preténdese con isto que o alumnado teña unha concepción de centro, máis ampla que a súa propia aula. Imos variando a ubicación para estas saídas en función da actividade a realizar. As convivencias en ocasións tamén se realizan entre aulas.

Este curso comezamos a implementar o **Servizo Concilia** a través da ANPA, con subvención da Xunta en todas as aulas excepto en Arantei e Corzáns por falta de usuarios. Este servizo engloba a aula matinal de 07:30 a 09:00 e a aula espera de 14:00 a 15:00. Para conseguilo mantivéronse durante o curso pasado diferentes reunións co centro, a ANPA e o Concello tratando de conseguir os presupostos máis axustados, financiación e realizando enquisas ás familias para valorar a acollida deste servizo. Esperamos que este servizo axude a aumentar a matrícula nas nosas escolas, xa que estivemos perdendo alumnado por non ter posibilidades de conciliación para as familias.

Equipamento das aulas

Todas as aulas contan cunha pizarra dixital nova, de recente instalación procedentes da Xunta. Contamos con portátiles, tablet e ordenador de sobremesa en cada aula. Ademais, tamén están dotadas con material para psicomotricidade e música.

Durante estes últimos 3 anos, o centro fixo unha grandísima inversión económica para renovar o mobiliario e a estrutura das aulas (colocación de tarima, mesas, xogos e material didáctico, mobles, supresión de barreiras, apertura de paredes...). Esta renovación contou coa colaboración activa do

Concello e das familias. Continuamos cada ano coa mellora das nosas escolas, deste xeito as aulas están cada vez máis próximas ao modelo educativo que queremos acadar.

Plan de autoprotección, emerxencia-evacuación

O Plan de Emerxencia-evacuación do noso centro pretende ser un conxunto de medidas destinadas a conseguir os seguintes obxectivos:

- Coñecer as condicións de seguridade do centro.
- Previr os riscos existentes.
- Adoptar a organización necesaria para afrontar unha situación de emerxencia.

Para isto, aborda os seguintes puntos, todos eles en vigor:

En canto á INFORMACIÓN XERAL DO RISCO:

1. Identificación dos titulares e do emprazamento da actividade.
2. Descrición detallada da actividade e do medio físico no que se desenvolve.
3. Inventario, análise e avaliación de riscos.

En canto a MEDIOS DE PROTECCIÓN:

4. Inventario e descrición das medidas e medios de emerxencia.
5. Programa de mantemento de instalacións.

En canto ó PLAN DE ACTUACIÓN:

6. Plan de actuación ante emerxencias.

En canto á Implantación:

7. Integración do plan de emerxencia noutros de ámbito superior.
8. Implantación do Plan de Emerxencia.
9. Mantemento da eficacia e actualización do Plan de Emerxencia.

Durante o primeiro trimestre, realizaremos un simulacro de incendios para detectar posibles melloras do noso plan de emerxencia e realizar un adestramento que prepare á cativada e ao profesorado ante unha posible emerxencia por incendio.

Tamén trataremos de axustar as instalacións ás recomendacións establecidas no documento de riscos proporcionado pola Consellería para mellorar a seguridade. Para elo buscaremos marcar reunións co Concello e con Xefatura Territorial para planificar e establecer acordos entre as tres institucións destinadas a levar a cabo actuacións para minimizar os riscos detectados.

Xornada escolar e horario do centro. Horario de atención ó público. Horario das aulas. Criterios para a elaboración dos horarios

MESES	HORARIO LECTIVO	HORARIO NON LECTIVO
DE SETEMBRO A XUÑO	De luns a venres de 9.00-14.00	De luns a venres de 08.45- 09.00/14.00-14.15 Martes 15.30-18.00

Horario de atención ó público do equipo directivo

Dirección:

luns 10.00-12.00

mércores 12.00-14.00

xoves 11.00-13.00

venres 12.00-14.00

Secretaría:

luns 12.00-14.00

mércores 12.00-13.00

venres 9.00-11.00

Horarios das aulas

Arantei

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9-11 GLOB 9-11 SESIÓNS AL	9-10:30 PSICO	9-10.30 GLOBALIZADO	9-12 GLOB (Con apoio)	9-12 ENSINO GLOBALIZADO
12-13 REL/ALT	10:30-14 ENSINO GLOBALIZADO 13-14 SESIÓNS AL	11-12.30 MÚSICA	12-14 GLOB	
13-14 GLOB		12.30-14 INGLÉS		

Cabreira

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9-10 REL/ALT	9-12 GLOB (Con apoio PT)	9-11 GLOB (con apoio)	9-11 GLOB (con apoio) 9-11 SESIÓNS AL	9-11 GLOB (con apoio AL)
10-12 GLOB (Con apoio)		11-12 GLOB (con cuidadora)	11-12.30 INGLÉS (con apoio)	11-14 GLOB (con apoio)
12-14 GOB (Con cuidadora) 11.30-14 Sesións AL	12-14 GLOB (Con cuidadora)	12-14 PSICO (con cuidadora)	12.30-14 MÚSICA (con apoio)	

Corzans

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9-14 GLOBALIZADO (con apoio)	9-12.30 GLOB	9-14 GLOBALIZADO 10-10.30 SESIÓNS AL	9-11 GLOB	9-11 INGLÉS
	11-11.30 SESIÓNS AL		10-10.30 SESIÓNS AL	11-14 GLOB
	12.30-14 MÚSICA		11-12.30 REL/ALT 12.30-14 PSICO	

Fornelos

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
------	--------	----------	-------	--------

9-11.30 GLOB (con cuidadora)	9-10.30 MÚSICA (con apoio)	9-10 REL/ALT	9-11 GLOB (con apoio AL)	9-11 PSICO (con cuidadora)
11.30-14 GLOB (con apoio PT)	10.30-12 INGLÉS (con apoio)	10-14 GLOB (con apoio)	11-14 GLOB (con cuidadora)	11-12 GLOB (con apoio)
	12-14 GLOB (con apoio AL)			12-14 GLOB (con apoio PT)

Oleiros

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9-10.30 INGLÉS	9-14 GLOBALIZADO 12-12.30 SESIÓNS AL	9-14 GLOBALIZADO 11-11.30 SESIÓNS AL	9-10.30 MÚSICA	9-14 GLOBALIZADO (con apoio)
10.30-14 GLOB			10.30-12 PSICO	
	12-13 GLOB			
	13-14 REL/ALT			

Pesqueiras

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9-11 GLOBALIZADO (con apoio PT)	9-14 GLOBALIZADO 9-11 cuidadora 11-12 AL 12-14 PT	9-12 GLOBALIZADO 9-10.30 COIDADORA 10-12 AL	9-14 GLOBALIZADO 9-11 cuidadora 11-13 AL	9-11 GLOB (con apoio AL)
11-12.30 PSICO (con apoio)		12-13 REL/ALT		11-12.30 MÚSICA (con cuidadora)
12.30-14 INGLÉS (con apoio)		13-14 GLOB (con apoio)		12.30-14 GLOB (con apoio)

A Vesada

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
------	--------	----------	-------	--------

9-10.30 PSICO	9-14 GLOBALIZADO (con apoio)	9-10.30 MÚSICA	9-14 GLOBALIZADO (con apoio)	9-14 GLOBALIZADO (con apoio)
10.30-11.30 REL/ALT		10.30-12 INGLÉS		
11.30-14 GLOB		12-14 GLOB		

Crterios de elaboración dos horarios

Á hora de facer os horarios séguense os seguintes criterios:

- Optimización do horario tendo en conta o benestar do alumnado
- Garantizar o bo funcionamento do centro.
- Garantindo os dereitos do profesorado en canto a horas de itinerancia e liberacións horarias por coordinacións ou cargos directivos.
- Para os desprazamentos dos mestres/as especialistas tratarase de ter en conta a proximidade das escolas, aínda que non sempre é posible.
- Procurar ter as especialidades distribuídas ao longo da semana.

Temos en conta as necesidades e as sesións individuais ou en pequeno grupo de Audición e Linguaxe.

Téñense en conta as aulas que por numerosas ou por outra clase de dificultade, precisan apoio durante a semana.

Organización do centro: situación do persoal docente, cadro de organización pedagóxica, estadística do alumnado

Estrutura Orgánica

1. Situación do persoal docente

DESTINO DEFINITIVO	8
---------------------------	---

DESTINO PROVISIONAL	6
PERSOAL COMPARTIDO (Relixión, orientación e PT) A PT ten o centro base no noso centro	3
Persoal non docente	1

2. Cadro de organización pedagóxica

	Denominación	Composición
Órganos de goberno	Directora Secretaria	Nerea Blanco Táboas Estrella Alonso Couñago
Órganos de participación	Consello escolar *Ao ser ano de eleccións non se cubren os postos que quedaron vacantes	- Presidente: Nerea Blanco Táboas - Secretaria: Estrella Alonso Couñago - Rep. Concello 3 mestres/as: Obdulia Blanco Álvarez *1 mestra cambio de centro *1 mestra pasou a ser secretaria 3 pais/nais

	Claustro	<ul style="list-style-type: none">● Nerea Blanco Táboas● Estrella Alonso Couñago● Alexandra Nóvoa Fragata● Obdulia Blanco Álvarez● Rocío Varela Esmorís● Nila Isabel Caballero Cid● Nuria Limia Sanmamed● Aloia M^a Martínez Molina● Trinidad Pérez-Labaca Diz● María del Carmen Areal González● Yolanda Cid Conde● Silvia Fernández Gómez● Inés Castro Paz Taboada● María Isabel Guillade Alonso● Felipe Ulloa González (substituto)● María Goretti Franco Rodríguez (substituto)
--	----------	---

Órganos de coordinación docente	C.coord. Pedagóxica	<p>Directora: Nerea Blanco Táboas</p> <p>Secretaria: Estrella Alonso Couñago</p> <p>Coord. de ciclo: Obdulia Blanco Álvarez</p> <p>Coord. Edlg: Leticia Varela Claro</p> <p>Resp. Dinamiz. Biblioteca: Yolanda Cid Conde</p> <p>Xefa do DO: Tania Correa Pérez</p> <p>Mestra de AL: Silvia Fernández Gómez</p> <p>Mestra de PT: María Isabel Guillade Alonso</p>
	Departamento de orientación	<p>Orientadora e Xefa do DO: Tania Correa Pérez</p> <p>Mestra A.L.: Nerea Blanco Táboas</p> <p>Mestra A.L.: Silvia Fernández Gómez</p> <p>Mestra PT: María Isabel Guillade Alonso</p> <p>Coord. de ciclo: Obdulia Blanco Álvarez</p>
	Equipo de coord. de ciclo	<p>Coordinadora: Obdulia Blanco Álvarez</p> <p>Membros: Todo o profesorado do claustro.</p>
	Equipo dinamización lingua galega	<p>Coordinadora: Leticia Varela Claro</p> <p>Membros: Nila Isabel Caballero Cid</p>

	Equipo de actividades complementarias e extraescolares	Coordinadora: Nuria Limia Sanmamed Membros: Aloia M ^a Martínez Molina
	Dinamización da biblioteca escolar	Dinamizadora: Yolanda Cid Conde Membros: Silvia Fernández Gómez, María del Carmen Areal González e Alexandra Nóvoa Fragata.
	Dinamización tics	Dinamizadora: Rocío Varela Esmorís Membros: María Isabel Guillade Alonso e Inés Taboada Castro Paz.
	Dinamización convivencia escolar	Dinamizadora:Trinidad Pérez-Labaca Diz
	Coordinadora de Benestar e convivencia	Trinidad Pérez-Labaca Diz
	Titoras	A Vesada: Nila Isabel Caballero Cid Arantei : Rocío Varela Esmorís Corzáns: Nuria Limia Sanmamed Fornelos: Leticia Varela Claro Oleiros: Alexandra Nóvoa Fragata Pesqueiras: Obulia Blanco Álvarez Cabreira: Estrella Alonso Couñago

	Especialistas	<p>A.L.: Nerea Blanco Táboas</p> <p>A.L.: Silvia Fernández Gómez</p> <p>Mestra PT: María Isabel Guillade Alonso</p> <p>E. Física: Trinidad Pérez-Labaca Diz</p> <p>Inglés: María del Carmen Areal González</p> <p>Música: Aloia Martínez Molina</p> <p>Relixión: Silvia Martínez Caballero</p> <p>Apoio ed.infantil: Inés Castro Paz Taboada e Yolanda Cid Conde.</p>
Persoal non docente	Coidadora	M ^a Dolores Soage Bernárdez

Alumnado por aulas

	3 anos	4 anos	5 anos	TOTAL
ARANTEI	0	4	3	7
CABREIRA	6	4	5	15
CORZÁNS	4	3	1	8
FORNELOS	4	6	1	11
OLEIROS	4	2	4	10
PESQUEIRAS	6	4	2	12
A VESADA	3	4	6	13
TOTAL	27	27	22	76

Plan de actuación dos órganos Colexiados, do equipo directivo e obxectivos específicos

A nosa liña de traballo partirá, un ano máis, da avaliación inicial das necesidades da comunidade educativa; establecendo as canles para recoller as súas suxerencias e aportacións, cara a súa colaboración na toma de decisións sobre éstas e na execución das mesmas.

Pensamos que o noso plan de traballo debe estar aberto e ser promotor de cambios para así responder ás necesidades da escola. Propoñemos unha liña de traballo que fomente un espírito aberto e cooperativo, co fin de avanzar nun proxecto común de escola.

Centraremos o noso esforzo en conseguir unha acción coordinada que potencie os valores e unha educación integral. Farase unha avaliación periódica do noso traballo de cara a solventar as deficiencias detectadas e a súa corrección, na procura da máxima eficacia na coordinación do centro.

O EQUIPO DIRECTIVO ocuparáse de:

- Relacionarse co concello e os organismos da administración educativa para mellorar a dotación e as instalacións do centro.
- Fomentar as relacións cos pais/nais. Divulgar entre a comunidade educativa e xestionar, no seu caso, as axudas que se ofrezan por parte da Consellería de Familia, Ministerio de Educación, Concello...
- Establecer liñas de relación e coordinación cos outros centros do concello.
- Fixar un calendario de xuntanzas dos órganos de coordinación docente.
- Potenciar o traballo en grupo do profesorado.
- Animar á participación en proxectos de formación do profesorado.
- Elaborar un proxecto de orzamento.
- Supervisar as actividades extraescolares.
- Actualización de documentación do centro.

Órganos colexiados

O CONSELLO ESCOLAR ocuparáse de:

- Aprobar os días non lectivos que pode solicitar o centro.
- Promover a renovación das instalacións e equipamento do centro.
- Aprobar o proxecto de orzamento do centro e programas varios.
- Aprobar a participación do centro en diferentes programas de innovación.

O CLAUSTRO ocuparáse de consensuar:

- Horarios.
- P.A.T.
- Criterios de avaliación e promoción do alumnado.
- Estratexias para tratar ó alumnado con dificultades escolares.

E tamén de:

- Promover iniciativas materiais do centro.
- Determinar as necesidades materiais do centro.
- Propoñer iniciativas para mellorar o funcionamento do centro en calquera dos seus aspectos.

O EQUIPO DE CICLO ocupase de:

- Traballar na consecución dos obxectivos dos proxectos: Plan de Acción Titorial, P. Lector-Biblioteca, P. TIC, así como dos P.Linguísticos de Centro e o Plan de Convivencia Escolar.
- Asegurar a coherencia e concreción das programacións didácticas de aula coas programacións de ciclo, co Proxecto Educativo e a realidade de cada aula,
- Revisar o P.E. e as N.O.F.C
- Levar a cabo o P.A.T.
- Determinar as necesidades do ciclo.
- Decidir os materiais a empregar.
- Planificar xuntanzas con pais/nais.
- Colaborar co Departamento de Orientación.
- Elaborar as programacións dos obxectivos, contidos e actividades para traballar en cada un dos proxectos postos na práctica nas aulas.

A COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA ocupase de:

- Elaborar pautas para as xuntanzas do profesorado con pais e nais.
- Establecer directrices para as programacións didácticas e adaptacións curriculares.
- Velar para que os proxectos curriculares de etapa e o plan de acción tutorial se realicen conforme ós criterios establecidos polo Claustro.
- Asegurar a coherencia entre o P.E. e P.X.A.

O EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA deberá:

- Velar pola consecución dos obxectivos propostos.
- Propor actividades de potenciación da lingua galega ó longo do curso.

O EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES:

- Organizará as conmemoracións e festas e saídas que se realicen a nivel de todo o colexio.

Actividades de coordinación do equipo directivo

Ao longo do curso a directora ou outros membros do equipo directivo realizarán unha ou dúas xuntanzas trimestrais, nesta ou noutras localidades, cos outros equipos directivos dos distintos C.R.A.s de Galicia, AMCRAGA. Tamén cos colexios do noso concello, co fin de coordinar e unificar tarefas e criterios que favorezan e melloren a nosa actividade educativa, así coma reunións con Inspección cando sexa necesario.

A asistencia a estas reunións será comunicada previamente ao Inspector de educación. Así mesmo, acudirá a xornadas de formación permanente co fin de actualizarse e mellorar a xestión do centro.

O equipo tratará de elaborar horarios, revisar a documentación do centro, xestionar as obras e arranxos para a mellora do centro, e administrar os recursos dispoñibles.

Plan de organización e coordinación das tarefas do persoal non docente

Contamos no centro cunha coidadora. O seu horario é de 9.00 a 14.00 horas. Atende a 4 alumnos, dous na mesma aula e os outros noutras 2 aulas (3 aulas en total).

Para organizar e coordinar as tarefas que realiza mantén contacto directo coas mestras titoras e especialistas que acuden ás aulas. Contamos con ela tamén para as reunións coas familias. Coa orientadora, reúnese en momentos puntuais, acude ás reunións do DO o último martes de cada mes ou transmite a información importante por escrito e mediante rexistros, deste xeito revisamos mensualmente as pautas de actuación e os obxectivos plantexados.

Algunhas das funcións que realiza son:

- Acompañar ao alumnado con NEE a aquelas actividades que precise.
- Vixiar os desprazamentos internos fomentando a autonomía do alumnado con nee.
- Axudar ao alumnado con nee nos momentos de aseo, alimentación, wc, cambios de cueiro...
- Preparar ao alumnado con nee para saír ao recreo (vestimenta, desprazamento...).
- Atender ao alumnado con nee nos periodos de recreo para favorecer a súa seguridade e benestar, en colaboración co profesorado de garda, favorecendo a súa autonomía e socialización integrándoos así nas actividades do patio.
- Acompañar ou desprazar ao alumnado con nee nas actividades complementarias tanto dentro como fóra do centro escolar, organizadas polo centro facilitando a participación do alumnado nelas.

- Apoiar na aula ao alumnado con nee para facilitar o desenvolvemento das actividades escolares: preparación de material, facilitar os útiles que vai precisando, axudar no control postural, axudar no desprazamento pola aula para participar nas actividades grupais, apoiar ao titor/a no desenvolvemento das tarefas de aula...
- Participar nas reunións de coordinación co equipo de profesores que interveñen co alumnado con nee, para favorecer o traballo en equipo e a coordinación como una metodoloxía de traballo.
- Colaborar co profesorado durante as actividades escolares, en especial cos alumnos que debido as súas necesidades precisan dunha axuda e supervisión maior.

Programación e calendario das reunións dos órganos de goberno e de coordinación docente

ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE	CALENDARIO DE REUNIÓN
Equipo de coordinación de ciclo	Sesións ordinarias : 1º martes de cada mes
Comisión de coordinación pedagóxica	Sesións: último martes de mes
Equipo Dinamización Lingua Galega	Sesións Extraordinarias: setembro e xuño. Sesións ordinarias : todos os martes
Equipo de actividades complementarias e extraescolares	Sesións extraordinarias : setembro e xuño Sesións: todos os martes

ÓRGANOS DE GOBERNO	CALENDARIO DE REUNIÓN	
ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN	Consello Escolar	Sesiós ordinarias: outubro, xuño e outra no segundo trimestre. Sesiós extraordinarias : sempre que sexa necesario.
	Claustro	Sesiós ordinarias: outubro, xuño e outra no segundo trimestre. Sesiós extraordinarias: Sempre que sexa necesario
ÓRGANOS DE GOBERNO	Directora	Horario para desempeña-lo cargo (8 h). Comisión coord. pedag. Departamento de Orientación Consello Escolar Comisión económica Comisión de Convivencia Claustro Equipo de ciclo Horario de docencia

	Secretaria	Horario para desempeña-lo cargo (5 h.) Consello Escolar Comisión económica Departamento de Orientación Comisión de Coordinación Pedagóxica Claustro Equipo de ciclo Horario de docencia
--	------------	--

Estratexias metodolóxicas e organizativas de atención ao alumnado con NEAE

Neste curso escolar as actuacións do DO con alumnos con NEAE será:

En 4º de Ed. Infantil: 1 alumnos con praza de NEAE

En 5º de Ed. Infantil: 3 alumnos con praza de NEAE e 7 con retrasos na linguaxe e dificultades de aprendizaxe.

En 6º de Ed. Infantil: 9 alumnos con retraso da linguaxe e dislalias.

Estratexias metodolóxicas e organizativas.

O Departamento de Orientación canalizará a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, dacordo coas directrices da lexislación vixente ao respecto, do PE e do Plan **Xeral** de Atención á Diversidade, sempre en coordinación co Equipo Directivo e a Comisión de Coordinación Pedagóxica.

A atención á diversidade atenderá ás seguintes pautas:

- **AVALIACIÓN INICIAL.** Realizarase na primeira semana de outubro e servirá para determinar que alumnado ten maiores dificultades, modificar reparto de apoios, atención por parte de PT e AL.
- **SESIÓNS DE REFORZO.** Para facilitar unha atención personalizada ao alumnado.
- **DIVERSIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES.** Procurando accións de xeito que todos os

alumnos poidan ter actividades nas que poidan participar activamente (obradoiros, intercambios, traballo cooperativo, proxectos...).

Todo o profesorado participará na atención ao alumnado con NEAE.

Cando un alumno teña necesidade dunha atención especial as medidas que se poden adoptar son:

- De reforzo educativo
- Horas de reforzo, apoio
- Agrupamentos específicos
- Permanencia no ciclo
- De adaptación curricular.

Nas reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica farase un seguimento e toma de decisións sobre a escolarización e atención de alumnos con NEAE

Para a atención do alumnado con NEAE contamos no centro este curso cunha mestra de Pedagogía Terapéutica, tres días á semana porque é compartida co IES de Salvaterra de Miño, dúas mestras de Audición e Linguaxe (1 delas é a directora) e unha coidadora que atende a catro alumnos.

Coordinadas pola Xefatura do Departamento de Orientación (a cal é compartida co CEP Carlos Casares) e baixo a supervisión da dirección do centro, establecerán a orde de atención ao alumnado priorizando sempre ao que está disgnosticado e tras a valoración por parte da orientadora das necesidades educativas que presenta.

O DO reunirse 1 vez ao mes xa que a Xefatura do departamento ten o seu centro base noutro centro. Non obstante tratarase de reservar un pequeno espazo ao longo da semana para poder coordinar as actuacións deste departamento.

As mestras de Audición e Linguaxe e de Pedagogía Terapéutica atenderán a todos aqueles alumnos e alumnas que sexan propostos polo departamento de orientación, a partires das demandas dos profesores titores e tras a correspondente avaliación por parte da orientadora; o número de atendidos pode ser variable ao longo do curso, dependendo das novas incorporacións e das intervencións temporais que se produzan.

Este curso as especialistas de AL atenderán a 20 alumnos/as (4 deles con NEE) con posibles variacións ao longo do curso. En canto ao alumnado de PT son 4 os atendidos por esta especialista debido a que non ten máis dispoñibilidade horaria porque soamente ven ao centro os luns, martes e venres. Cabe dicir, que as necesidades existentes no centro son numerosas polo que as mestras de PT e AL atenden de xeito directo a aqueles nenos que permite a súa dispoñibilidade horaria. Este departamento tamén coordina programas de estimulación da linguaxe coas titoras para poder minimizar ou evitar dificultades futuras.

Estes reforzos realízanos:

- As mestras de apoio nas aulas que por número de necesidades e alumnado máis o

precisan.

- O profesorado especialista, que realiza apoios nesas aulas ata que completa o seu horario.

Este curso distribuíuse ao profesorado con horario dispoñible nas clases onde se concentran o maior número de necesidades.

Os reforzos realízanse dentro da aula excepto aqueles alumnos que debido a necesidades específicas saen para unha atención máis individualizada para ser atendidos pola especialista en AL e PT.

Materiais e recursos específicos.

Desde o Departamento de orientación búscanse recursos ou elabóranse materiais específicos para o traballo diario na aula do alumnado con NEAE.

Concreción anual do PXAD

Concreción anual do PXAD/Cronograma Actuacións DO

Data	Actividades	Responsables
setembro	Revisión e análise dos documentos que constan no expediente dos alumnos e alumnas de nova incorporación ao centro.	Orientadora, mestras de AL, PT e titora
setembro	Ver expedientes, resultado da avaliación de xuño (programas de intervención) dos alumnos de NEE	Orientadora, mestras de AL e PT
setembro	Constitución do Departamento de Orientación.	Orientadora
setembro e revisións durante o curso	Elaboración de horarios do profesorado de Audición e Linguaxe, PT e coidadora.	Orientadora, AL, PT.
setembro	Informes Becas alumnado NEAE	Orientadora
setembro/ outubro	Revisión do Plan de orientación, do PXAD, do PAT	Orientadora

todo o curso	Facer reunións cos pais dos alumnos de NEAE	Orientadora, titores/as, Mestras de AL, PT e coidadora
setembro outubro e novembro	Elaborar os Plans de apoio e os programas de intervención.	Orientadora, mestras AL e PT
decembro marzo xuño	Realizar as sesións de avaliación	Todo o profesorado
xaneiro abril	Revisar e facer posibles modificacións nos Plans de intervención	Orientadora, titores/as, mestras de AL,PT e outros/as profesores/as implicados/as
marzo	Valorar a promoción dos alumnos e alumnas de NEAE e informar ás familias.	Titores/as e DO
xaneiro e abril	Facer o seguimento do POE, PAT, PXAD	Orientadora
maio, xuño	Organizar e coordinar xunto cos centros correspondente o paso dos alumnos e alumnas que rematan a Etapa de Educación Infantil a Etapa da Educación Primaria.	Dirección Orientadora Profesora titora de 1º Nivel de Educación. Primaria.
xuño	Facer a avaliación do POE, PAT, PXAD	Orientadora
xuño	Elaboración da memoria do Plan de Orientación	Orientadora
todo o curso	Incrementar o material do departamento, probas de diagnóstico, e material específico para traballar con algúns alumnos de NEAE	DO
todo o curso	Detectar, avaliar e derivar se fora o caso ao alumnado que presente NEAE	Titor/a e Orientadora
todo o curso	Dar orientacións e información aos pais e aos profesores dos alumnos diagnosticados.	Orientadora
todo o curso	Redactar e revisar os informes dos alumnos de NEAE.	Orientadora

todo o curso	Realizar reunións de coordinación	Orientadora, Dirección, Profesor titor/a, AL, PT e coidadora.
todo o curso	Seleccionar e preparar materiais para os alumnos e alumnas con NEE.	Orientadora, profesoras de AL, PT
todo o curso	Coordinación con outros servizos externos, EOE; Servizos Sociais, Gabinetes...	Orientadora

Plan para a potenciación e organización das relacións coa familia

O Plan Xeral que artellamos para a potenciación das relacións entre as familias e a escola, levarase a cabo a través das vías seguintes:

Temporalización	Vías de participación	Obxectivos	Responsables	Recursos
setembro	Reunión xeral coas familias en cada unha das aulas	<ul style="list-style-type: none"> * Coñecer ó titor/a * Dar a coñecer o calendario escolar * Informar sobre os servizos do centro * Presentar o plan de acollida para levar a cabo o período de adaptación * Presentar o plan anual do centro * Normas e funcionamento da escola 	Mestre/a titor/a	<ul style="list-style-type: none"> * Orde do día da reunión para o titor/a * Carta de benvida ás familias de nova incorporación * Folla cos teléfonos do centro * Autorización das saídas * Información de intervención DO * Documentación ANPA

setembro	Plan de acollida dos nenos/as de nova incorporación: período de adaptación	* Facilitar o cambio emocional que suporía a incorporación á escola dos nenos/as para eles, para as súas familias e para os mestres/as.	* Mestre/a titor/a *Colaboranos/as especialistas	* Entrevistas * Rexistro das entrevistas * Encontros informais * Calendario de incorporación dos nenos/as novos/as
de setembro a xuño Martes de 17,00 a 18.00 horas previo aviso.	Acción titorial: entrevistas individuais dos titores/as ás familias	* Coñecer a cada familia. * Comunicación e intercambio de información familia-escola	* Mestre/a titor/a *Colaboranos/as especialistas	* Rexistro de entrevistas coas familias
trimestral	Informes de avaliación	*Informar sobre o plan de traballo na escola e a evolución de cada neno/a neste proceso	* Mestre/a titor/a *Colaboran @ especialistas *Equipo de coord. de ciclo	*Informe individual de cada neno/a *Entrevista individual *Rexistro da entrevista
setembro a xuño	* Involucrarse nos proxectos de traballo * Aportar material de desfeita para a súa reciclaxe na aula	* Compartir a vida da escola cos seus fillos/as e mestres/as	* Equipo directivo * Equipo de coordinación de ciclo	* Notas persoais * Xuntanzas * Autorización saídas
setembro a xuño	* A.N.P.A.	* Organizar as actividades extraescolares * Colaborar co equipo directivo e co equipo de ciclo. * Participar nas festas	*A.N.P.A. *Equipo directivo	*Notas informativas * Reunións
de setembro a xuño	Formación para pais	*Realizar unha enquisa para coñecer as inquietudes das familias *Realizar formacións sobre diferentes conceptos	*Mestras *CFR *DO	*Cuestionarios para as familias * Unha charla coloquio para as familias por trimestre.

Reunións Eleccións e renovación	Consello Escolar	* Participar nel para tomar decisións sobre a vida no centro * Informar ós demais mestres/as e familias sobre os acordos adoptados	Dirección do centro	* Carta de convocatoria * Reunións
Do 1 de marzo ó 15 de marzo.	Período de admisión	* Informar do período de admisión. * Informar do período de matrícula	* Equipo directivo * Titores/as	* Impreso de reserva de matrícula * Impreso de matrícula

Por ser escolas ubicadas no medio rural, non usar autobús, e seren nenos pequenos que veñen acompañados por membros da súa familia, establécese un contacto diario, quedando así establecida unha vía de relación familia-escola específica deste tipo de escola rural.

Plan xeral de avaliación do centro

O equipo docente encargarse da avaliación xeral do centro en datas establecidas ó longo do curso e analizaranse os seguintes aspectos :

- Adecuación do proxecto educativo do centro.
- Eficacia na organización do centro.
- Traballo en equipo do profesorado.
- As relacións coas familias :
 1. regularidade.
 2. calidade.
- Grado de consecución da C.C.:
 1. obxectivos
 2. contidos
 3. metodoloxía
 4. avaliación
- Eficacia das medidas de individualización da ensinanza.
- Valoración dos proxectos que se leven a cabo.

A avaliación do alumnado realizarana o titor/a e os mestres/as especialistas mediante:

- Avaliación inicial
- Avaliación formativa
- Avaliación sumativa

Unha vez realizada a avaliación do centro introduciranse as variables necesarias para modificar os aspectos que sexan precisos, que serán recollidos na memoria de final de curso.

Programa anual de actividades complementarias e extraescolares

Actividades complementarias:

As actividades complementarias e extraescolares do presente curso comprenden: visitas e saídas, celebracións de festas populares e conmemoracións que figuran no calendario escolar. Deixaremos en todo momento aberta a posibilidade de realizar actividades imprevistas, que aínda que non aparezan na PXA, consideramos que poden ser interesantes e beneficiosas para a nosa labor educativa.

Estas actividades serán realizadas en común por parte de todo o CRA pero en todo momento haberá liberdade para que cada mestra poida realizar saídas individuais, sempre na contorna máis próxima á escola e relacionadas cos diversos proxectos que se executen.

*Saídas:

- Saída á Granxa Kiriko o 22 de novembro. Esta excursión está programada grazas a unha subvención da diputación concedida á ANPA para visitar granxas escolas.
- Trataremos de facer algunha outra excursión con desplazamento en autobús en primavera.

*Celebracións:

As celebracións máis importantes deste curso escolar serán as seguintes. Todas elas serán organizadas conxuntamente cos demais equipos do centro (Equipo de Dinamización da Lingua Galega, Equipo de Biblioteca e Equipo da Convivencia escolar)

- Magosto:

O Magosto celebrarase o día 11 de outubro en Oleiros, Fornelos e Arantei, en convivencia con outras escolas. Contamos coa colaboración da A.N.P.A que se encargará da merenda de media mañá, da chocolatada e de facer as castañas. En caso de choiva, aplazarase. As familias están convidadas a partir das 13:00 horas.

-Samaín:

Celebraremos o Samaín todas as aulas xuntas. A ubicación será en Xerme (Cabreira) en caso de bo tempo e en Leirado en caso de choiva. Haberá un espectáculo de maxia e faremos obradoiros e os nenos e nenas poderán vir disfrazados. A A.N.P.A colaborará aportando biscoitos e doces.

-Nadal:

O día 20 de decembro está previsto que se celebre a festa do Nadal. Atendendo á memoria final do curso pasado, vamos a darlle unha volta respecto á organización e modo de celebración dos últimos anos.

-Entroido:

Como en anos anteriores, contamos que, conxuntamente con outros colexios de Salvaterra (C.E.P. Carlos Casares e o C.E.I.P. de Leirado) organizarase un desfile polas rúas para rematar cunha festa, con animadoras por parte do concello, xogos e actividades diversas.

-Festa de fin de curso:

Tal e como é costume xuntaremos a todos os membros da comunidade educativa na Carballeira de Lira, para pasar un día de convivencia e moita festa. Contaremos coa colaboración da Anpa, como en cursos anteriores.

Conmemoracións:*-Día da Paz:**

Aínda por decidir como se celebrará este día tan sinalado.

-Semana das Letras Galegas:

Na semana do 12 ao 16 de maio de 2023 conmemoraremos a semana das letras galegas este ano adicado ao cancionero popular galego.

***Conmemoracións:**

Segundo a ORDE do 12 de abril de 2024 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2024/25 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia., as conmemoracións que se levarán a cabo, como mínimo, serán as seguintes:

- 20 de novembro de 2024: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2024: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- 3 de decembro de 2024: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- A semana do 6 de decembro de 2024: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 10 de decembro de 2024: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2025: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2025: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 23 de febreiro de 2025: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo de 2025: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2025: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- A segunda semana de marzo de 2025: Semana da Prensa
- 1 de abril de 2025: Día das Artes Galegas.
- 7 de abril de 2025: Día Mundial da Saúde.
- A semana do 23 de abril de 2025: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2025: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2025: Día de Europa.
- A semana do 17 de maio de 2025: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2025: Día Mundial do Ambiente.
- Na/nas data/s elixida/s polo centro no calendario de celebracións internacionais relacionadas coa igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia: conmemoracións para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual.

Actividades extraescolares: estas actividades veñen desenvolvidas pola ANPA, que presenta o seu programa xeral anual no anexo II a este documento.

Tanto as actividades complementarias como as extraescolares poden verse ampliadas e modificadas polas diversas circunstancias que se poidan dar. De ser este o caso, seguiranse os trámites oportunos de planificación e aprobación polo claustro e o consello escolar, así como o seu reflexo na memoria final de curso.

Equipo de dinamización da lingua galega

- **Compoñentes:**

O equipo de Dinamización da Lingua Galega está formado polos seguintes membros:

Nila Isabel Caballero Cid

Leticia Varela Claro (coordinadora)

- **Actividades** que se van desenvolver para o fomento e dinamización da lingua galega:

Véxase: ANEXO ADDENDA.

→ Promover actividades que se oferten dende o contorno e dende a administración que favorezcan o proceso normalizador.

→ Colaboración e coordinación cos demais equipos de traballo para levar a cabo todo tipo de actividades, proxectos, celebracións, conmemoracións....co obxectivo de promover a nosa lingua tanto oral coma escrita. Neste curso o noso proxecto anual leva por título: “25 anos do CRA A Lagoa” o cal está centrado na nosa traxectoria e historia.

→ Celebracións conxunta cos centros docentes da contorna (desfile entroido...).

→ Levar a cabo actividades con outras institucións, entidades ou asociacións externas ao centro, co obxectivo de potenciar o uso da lingua galega fóra do centro: asociacións veciñais, comunidades de montes...

→ Aproximación á lectura en galego e fomento do uso de libros en galego.

→ Preparación, coordinación e elaboración da Revista Ranícula nº 23.

Ao longo do curso cabe a posibilidade de que se poidan modificar actividades propostas por atrancos ou outras causas na súa realización. Pola contra poden organizarse actividades non incluídas no plan e que a confluencia de factores favoreza a súa realización.

★ **1ª ADDENDA** do Proxecto Lingüístico (**ANEXO**): elaboración da 1ª Addenda do Proxecto Lingüístico. Neste primeiro mes de curso 24-25 actualízase o Proxecto Lingüístico válido ata o curso 28-29.

Proxectos de dinamizacións

Proxecto de dinamización das novas tecnoloxías da información e comunicación (tic). Concreción anual do plan tics

Este curso 2024-2025 continuaremos traballando na liña de anos anteriores pero tratando de priorizar aínda máis o traballo coas novas tecnoloxías, tanto a nivel do profesorado, de centro, do alumnado e da comunidade educativa.

Recursos

Contamos con novos paneis dixitais en todas as aulas. Precisamos unha formación específica para o uso destes paneis e poder sacar así un maior rendemento deles. Precisamos tamén outros dispositivos máis modernos e actualizados se queremos fomentar un maior uso das novas tecnoloxías.

1.1. a nivel de centro:

- Seguir coa dinamización da web do centro e a aula virtual.
- Dinamizar os blogues, web e Instagram.
- Organizar, actualizar, potenciar e establecer novos espazos dixitais para compartir recursos tanto do profesorado como do alumnado (drive, blogues, web, instagram, aula virtual,..)
- Continuar integrando sistemas de comunicación e aplicacións que faciliten e melloren as relacións do centro e o profesorado coas familias do noso alumnado (Abalar, correo electrónico, blogues, aula virtual, plataformas de videochamadas-Cisco webex meeting-...)
- Potenciar o uso adecuado das tics como ferramenta de traballo no proceso de ensino-aprendizaxe, utilizándoas de forma activa por parte do alumnado e profesorado.
- Potenciar unha administración áxil, segura, eficaz e informatizada.
- Revisar, configurar e actualizar, todos os dispositivos anualmente por parte dunha empresa informática.
- Fomentar un uso seguro e responsable das ferramentas e dispositivos dixitais.

- Xestionar un emprego eficaz das fotocopiadoras de uso común do centro.
- Renovar os dispositivos obsoletos ou en mal estado.
- Dotar á sede de material Tic productivo que facilite o traballo eficiente do profesorado.
- Establecer criterios organizativos para o uso e a distribución de espazos e equipamento dixital: dispositivos para o programa Koha na biblioteca, portátiles para as coordinacións e dinamizacións, equipos para o profesorado, secretaría, dirección...no seu espazo axeitado na sed.
- Marcar as normas para un axeitado uso de equipos informáticos e multimedia por parte do alumnado e profesorado.
- Establecer un protocolo de actuación no caso de avaría dalgún dos dispositivos dixitais.
- Continuar co rexistro de incidencias.

1.2. A nivel do profesorado:

- Dinamizar os blogues, web e novas redes sociais incluídas no 2021, Instagram.
- Empregar a aula virtual co alumnado e as familias.
- Fomentar o uso de recursos dixitais como tabletas, robots de aula...
- Indagar nas diferentes opcións que ofrecen os novos paneis dixitais.
- Manexar posibilidades para comunicarse coas familias: abalar, correo electrónico, aula virtual,..
- Usar internet como ferramenta de busca de información e como medio de comunicación co resto do profesorado: drive, whatsapp,..
- Indagar nas posibilidades educativas e promover o manexo responsable da tableta na aula.
- Favorecer o intercambio de información e recursos con outro profesorado e centros docentes a través da rede (blogues, instagram, facebook,...)
- Facilitar o acceso ás ferramentas dixitais, ao alumnado con necesidades educativas especiais e nas tarefas de apoio, reforzo e ampliación de aprendizaxes.
- Utilizar as TIC como medio para perfeccionar a actividade docente a través do seu uso, aproveitar a información que delas se pode sacar e mellorar así a formulación pedagóxica.
- Empregar programas/actividades de apoio a alumnado con necesidades específicas de apoio educativo utilizando as vantaxes destes medios.
- Actualizar recursos e coñecementos Tic, a través de cursos de formación, presencial ou en liña, manexando webs, portais educativos, plataformas dixitais, aplicacións didácticas,etc.
- Achegar ao alumnado aplicacións e recursos útiles para o seu proceso de ensino aprendizaxe.

- Desenvolver e levar a cabo o plan dixital.

1.3. a nivel do alumnado:

- Espertar o interese por aprender e comunicarse nun soporte audiovisual de comunicación.
- Coñecer as posibilidades que ofrecen e empregar os blogues e a aula virtual do seu profesorado.
- Compartir experiencias e aprendizaxes co alumnado das diferentes aulas.
- Empregar internet como ferramenta de busca de información, ademais de empregala como instrumento de comunicación, diversión ou aprendizaxe.
- *Manexar o ordenador, coñecer e poñer en práctica as normas básicas de funcionamento; aceso, apagado, uso do rato e teclado.*
- Usar e coñecer as posibilidades de aprendizaxe que lles poden ofrecer as tabletas e o panel dixital.
- *Utilizar o procesador de texto a nivel moi básico, escribindo palabras ou pequenas frases.*
- Estimular a creatividade e a imaxinación empregando os diferentes dispositivos da aula.
- Usar as Tic para reforzar e ampliar aprendizaxes.
- Facer servir o ordenador, a tableta ou o panel dixital como medio de creación, de integración, de cooperación, de potenciación de valores sociais e de expresión das ideas de cada quen.
- Coñecer e manexar todos os recursos multimedia que teñan na aula: tableta, panel dixital, etc. tanto a través de xogos interactivos como con programas nos que se faciliten as aprendizaxes e o desenvolvemento cognitivo.
- Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento a través das TIC.
- Ensinar e fomentar un bo uso das TIC.
- Iniciarse na programación e direccionalidade co uso de robot das aulas, así como facer uso deste para adquirir outros contidos

1.4. a nivel da comunidade educativa:

- ★ Potenciar a comunicación coa comunidade educativa empregando: o blog, o correo electrónico, o whatsapp, abalar, a web, a aula virtual, etc.
- ★ *Informar de todo o relacionado con Leis, información educativa e normativa, así como*

convocatorias, competencias e outros temas legislativos a través dos organismos competentes.

- ★ Potenciar actividades de participación de toda a comunidade educativa: xornadas de portas abertas, reunións iniciais de curso,..
- ★ Intensificar a utilización das TIC coa finalidade de unificar todos os documentos do Centro e todas as informacións co mesmo formato.
- ★ Potenciar o uso do correo electrónico, o blog/web, a aula virtual, a aplicación móbil Abalar e Instagram como medio de comunicación coas familias.

Metodoloxía

Pretendemos que as Tics estean permanentemente a disposición do alumnado e profesorado como instrumento de traballo. Entendemos as TIC como ferramenta para aprender, como nova forma de entender a educación e como medio de comunicación.

A nivel de centro para o uso das TIC nas aulas aplicaranse métodos particulares. No noso caso o uso das TIC supón un modelo didáctico máis, fundido no traballo diario de aula de forma transversal (assembleas, indagación de centros de interese, contacto coas outras aulas...). As novas tecnoloxías se traballarán dun xeito globalizado. O alumnado empregará os recursos dixitais para descubrir, aprender ou reforzar os seus coñecementos.

Basearemos esta metodoloxía nos seguintes principios:

- Facilitar a todo o alumnado o acceso ás tecnoloxías en igualdade de condicións para mellorar a súa aprendizaxe. Para este fin se disporá dun recanto informático en cada aula, onde sexa posible traballar tendo en consideración as diferentes necesidades de cada alumno/a, co panel dixital, con diferentes programas no ordenador ou con aplicacións da tableta onde poderemos incluír aplicacións adicadas aos robots interactivos de cada escola.
- Empregar as TIC como elemento motivacional na aprendizaxe do alumnado.
- Favorecer a aprendizaxe interactiva, construtiva e tecnolóxica, estimulando o desenvolvemento de habilidades cognitivas.
- Desenvolver no alumnado a adquisición de competencias dixitais e de tratamento da información.
- Empregar as TIC para a aprendizaxe e desenvolvemento de habilidades para a comunicación e a interacción social.
- Fomentar a capacidade de aprender e facelo por si mesmos/as.
- Sensibilizarse coa educación en valores relacionada co uso das novas tecnoloxías.

- Alternar modelos de ensinanza-aprendizaxe variados.

Con respecto ao alumnado con necesidades específicas de apoio temos que dicir que traballan cos recursos informáticos tanto dentro das actividades do seu grupo-clase, coas diferentes mestras, como dun xeito máis individualizado, coa mestra de A.L que conta con dispositivos para tal fin.

Para levar a cabo a nosa metodoloxía empregaremos diferentes técnicas de traballo:

Individualizado: para adaptar os contidos ás características e necesidades do alumnado. Uso individual dos elementos multimedia con contidos adaptados ao nivel de cada alumno/a para o seu traballo persoal.

En pequeno grupo: para traballar de xeito colaborativo determinados aspectos curriculares, para levar a cabo técnicas expositivas e participativas coa clase ou cos diferentes niveis, para facer consultas en internet, empregar aplicacións didácticas na tableta, facer xogos interactivos no panel dixital ou no ordenados, etc.

En gran grupo: realizando algunhas rutinas ou actividades da aula no panel dixital, facendo actividades interactivas en diferentes idiomas, escoitando cancións, contos, facendo ioga, levando a cabo técnicas de colaboración, co fin de comunicarse e intercambiar información e coñecementos con alumnado de outras aulas; por exemplo videoconferencias nas que intercambiamos coñecementos sobre traballos/proxectos/actividades relacionadas cun tema en concreto, etc.

Con respecto aos espazos e tempos didácticos é importante subliñar que os recursos informáticos e dixitais están repartidos nas distintas parroquias. Dentro de cada aula, a súa organización dependerá dos tempos de clase, do profesorado e das necesidades individuais do alumnado tendo en conta os obxectivos expostos.

Actividades

Continuar coa dinamización da web do centro:

- Comezar a manexar a aula virtual
- Dinamizar os blogues das diferentes especialidades e aulas
- Facer un maior uso das tabletas e dos novos paneis dixitais empregando novas aplicacións e outros recursos.
- Coñecer novos programas para os paneis dixitais.

- Programar e aprender co robot interactivo.
- Fomentar un maior uso das Tic entre o profesorado, alumnado, centro.
- Continuar coa dinamización do blog do centro, publicando noticias, novas entradas e enlaces de interese para toda a comunidade educativa.
- Facilitar oferta formativa ao profesorado: conferencias, cursos, formacións, etc.
- Continuar empregando diferentes aplicacións (whatsapp, gmail,...) e o correo corporativo para manter unha comunicación fluida e constante entre o profesorado.
- Recurrir a drive como banco de recursos entre o profesorado.
- Dinamizar dentro da sede o recanto de novas tecnoloxías con consellos, noticias e anuncios de interese para o profesorado.
- Dixitalizar as actividades feitas na escola, como celebracións, festas, saídas, actuacións e proxectos de aula. A través de vídeos e montaxes fotográficas con diferentes programas que estean ao noso alcance, ben para colgar no blog do centro ou para presentar ás familias.
- Dar a coñecer o noso traballo de aula a comunidade educativa a través do Instagram, así como facer uso deste como banco de recursos.
- Colaborar cos outros equipos de traballo do CRA.
- Axudar ao resto do profesorado, na medida das nosas posibilidades, coas súas dúbidas e os posibles arranxos dos dispositivos das súas aulas.
- Seguir coa dinámica de cubrir os documentos de recollida de incidencias tic.

Avaliación

Farase unha avaliación continua, directa e sistemática na aula coa finalidade de reaxustar, reorientar e modificar calquera aspecto da programación susceptible de mellora, así como de reforzar ou intensificar os puntos fortes.

Para tal fin empregaremos os seguintes instrumentos:

- Cuestionarios de valoración sobre a consecución de obxectivos marcados e sobre a competencia dixital do alumnado.
- Observación sistemática e análise do uso TIC en clase por cada mestra.
- Registro de incidencias Tic.
- Valoración do estado dos dispositivos dixitais.
- Reunións periódicas do equipo de dinamización das TIC

Dinamización de biblioteca. Plan anual de lectura

1. INTRODUCCIÓN

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro recolle a necesidade de potenciar o hábito lector entre o alumnado.

Así mesmo o actual currículo para a Educación Infantil, o Decreto 150/2022, do 8 de setembro dedica un artigo ás Bibliotecas escolares; afirmando que serán un punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes, o traballo colaborativo e os intercambios culturais no centro.

O proxecto lector de centro marca as actuacións destinadas ao fomento da lectura e da escritura e á adquisición das competencias clave; incorporando a biblioteca de centro e as bibliotecas de aulas como recursos fundamentais para a súa posta en marcha.

Buscamos que a biblioteca sexa o “*centro creativo das aprendizaxes*”, un lugar onde non só se favoreza o fomento pola lectura senón tamén o desenvolvemento da creatividade, a manipulación, a integración das TIC... en definitiva, un lugar estratéxico para a innovación pedagóxica que proporcione, tanto ao alumnado como ao profesorado, oportunidades para o emprego de múltiples recursos que permitan unha progresiva autonomía na aprendizaxe.

A biblioteca é un elemento esencial nas aulas, tanto para a busca de información, préstamo de libros para levar a casa, lugar común para compartir historias, e outras moitas actividades que se desenvolven ó seu arredor. É tamén un recuncho máis do que as nenas e nenos poden elixir nos momentos de xogo. É un espazo aberto de uso cotiá, sempre dispoñible cunha función enriquecedora e dinamizadora que promove e fomenta a lectura. Non existe un tempo concreto ou predeterminado para o uso da biblioteca, senón que está integrada en todas as actividades da aula, como un elemento máis.

A biblioteca será unhas das impulsoras dos proxectos e actividades que se levarán a cabo no centro.

Para un adecuado desenvolvemento do Proxecto Lector de centro elabórase este Plan Anual de Lectura, que concreta, entre outros aspectos, os obxectivos e accións que se levarán a cabo ao longo do presente curso escolar 2024-2025 relacionadas coa biblioteca escolar, e que estará incluído na Programación Xeral Anual do centro.

2. OBXECTIVOS. FUNDAMENTACIÓN

O noso obxectivo principal é poder acondicionar dunha vez por todas o espazo da sede, onde está situada a biblioteca central, para poder abrilo a toda a comunidade educativa. Par tal fin precisamos dunha dotación económica, pola cal levamos esperando varios cursos escolares.

De todos os xeitos dende o equipo de biblioteca seguiremos realizando melloras no espazo co que contamos actualmente, xa que aínda queda moito traballo por facer (distribuír o espazo tendo en conta os fondos cos que contamos e conseguir mobiliario apropiado, realizar a sinalización dos mesmos...).

Recentemente realizamos o cambio ao sistema de xestión de bibliotecas Koha, polo que seguimos coa catalogación de todo o material. Esta será unha das nosas prioridades este curso escolar.

Outros obxectivos que son prioritarios para nós este curso escolar son:

- Potenciar a utilización da biblioteca como centro de todas as aprendizaxes.
- Acadar unha boa colaboración e coordinación co resto dos equipos do centro.
- Espertar e aumentar nos alumnos/as o interese pola lectura, a escritura, a linguaxe oral e as distintas formas de expresión.
- Favorecer a compensación das desigualdades do alumnado.
- Sensibilizar e implicar ás familias na formación de lectores.
- Fomentar a participación e implicación das familias.
- Impulsar a formación de usuarios, comenzando polo profesorado.
- Difundir os fondos achegándoos ao alumnado e á comunidade educativa.
- Equilibrar o fondo documental e aumentar os fondos de consulta.
- Consegur visibilizar a biblioteca e todas as súas actividades a través de diferentes medios de difusión.

3. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS

Seguimos a traballar na configuración da biblioteca do CRA A Lagoa como unha biblioteca escolar única, cunha soa base de datos para o rexistro dos materiais e unha programación conxunta, entendendo que as seccións de aula conforman a biblioteca do centro.

O espazo da biblioteca do CRA estrutúrase do seguinte xeito:

- Biblioteca central situada na sede do centro. Como xa citamos anteriormente, este espazo está á espera dunha obra que posibilite ampliálo e acondicionalo.
- 7 bibliotecas de aula.
- Un espazo adicado a “bibliopatio” en cada unha das aulas.

O material da biblioteca é multidisciplinar, abarcando distintas temáticas (corpo humano, animais, estacións do ano, profesións, arte, planeta terra, cociña, etc.), así como libros feitos polos nenos/as relacionados cos proxectos do curso escolar e as actividades propostas polo equipo de biblioteca.

Na biblioteca central, actualmente cóntase cunha gran variedade de exemplares entre os que se atopan contos, poesías, películas, material de consulta, un banco de recursos para nais/pais e profesorado,... ademais dun ordenador de sobremesa e dunha impresora para levar a cabo tarefas de xestión. Pretendemos ir adquirindo máis material creativo e manipulativo, ademais do que xa contamos para traballar con luz negra.

Nas bibliotecas de aula tamén contamos con gran variedade de materiais, ao igual que na biblioteca central: libros de consulta, de literatura, materiais elaborados polo alumnado, paneis de luz, xogos,...

En canto o horario de apertura da biblioteca, se nos ingresaran o orzamento pendente e puideramos rematar coas obras pertinentes, gustaríanos que a biblioteca permanecera aberta durante o horario lectivo e atendida polo profesorado, sendo utilizada así polas diferentes aulas do CRA, acudindo xornadas completas.

Así mesmo, esta mellora permitiríanos que a biblioteca quedara a disposición das familias fóra do horario lectivo para a realización de actividades extraescolares, aunando deste xeito ao alumnado de todas as aulas do CRA.

En relación aos tempos adicados á lectura nas propias aulas, impulsamos a hora de ler de xeito diario. Ademais, a biblioteca de aula e a “bibliopatio” favorece que o alumnado escolla de xeito libre outros momentos para a lectura. Ademais, organizamos outras actividades puntuais como as contadas en familia.

Actividades antes da lectura:

- Preparar e motivar ao alumnado a ler.
- Conectar a lectura con algún aspecto abordado na aula.

- Explorar o libro e falar sobre temas que aparecen no texto.
- Incentivar a realización de comentarios espontáneos do alumnado.

Actividades durante a lectura:

- Analizar o nivel de comprensión da información, imaxes ou datos gráficos, eventos, personaxes, situacións ... que aparecen nos contos.
- Observar dificultades de comprensión, atención, interpretación...
- Realizar preguntas relacionadas co conto sobre personaxes, lugares, accións, obxectos, sentimentos e emocións, etc.
- Incentivar, ser receptivo a facer comentarios espontáneos e preguntas dos nenos e nenas e escoitar as súas inquedanzas, dúbidas e propostas.

Actividades posteriores á lectura:

- Reconstruír individualmente e/ou colectivamente as ideas principais, a trama, a estrutura do texto, os datos máis significativos...
- Realizar resumos orais coa axuda do mestre/a.
- Conversar sobre outras versións do conto, outros textos relacionados e outros contidos multimedia ou dar resposta a situacións semellantes.
- Plasmar nun debuxo ou manualidade o que máis lles gustou do conto.

4. LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS EN RELACIÓN CO PAPEL DA BIBLIOTECA ESCOLAR

- En relación coa organización e xestión; a configuración da biblioteca como “laboratorio creativo de aprendizaxes”:

- Continuar coas obras da sede do CRA, para así poder achegar o espazo da biblioteca ao alumnado e ás familias.
- Catalogar e etiquetar todo o material a través do programa Koha, sistema ao que acabamos de migrar durante o verán.
- Comprobar que tipos de libros son os que máis precisamos e tratar de compensar a porcentaxe 40% de libros de ficción e 60% de consulta.

- Buscar un xeito cómodo e atractivo para que o profesorado realice as propostas de libros para mercar.
- Adquirir máis libros para os adultos (mestres e familias), creando unha sección para os mesmos.
- Crear os distintos espazos (lectura informal, xestión, investigación, creativo) na biblioteca central e dotar cada un deles co mobiliario, equipo e materiais necesarios.
- Solicitar o “Programa Biblioteca Creativa”

- En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución á alfabetización múltiple e ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado:

- Dinamizar o uso dos robots nas bibliotecas de aula, a través de propostas de actividades dende a biblioteca.
- Seguir experimentando e dinamizando o uso de novos materiais adquiridos como os minimundos, luz negra...
- Realizar obradoiros favorecedores da convivencia entre todo o alumnado.
- Utilizar buscadores como medio para procurar información sobre os proxectos.
- Afondar na alfabetización informacional a través das diferentes propostas.
- Realizar propostas para buscar e manexar distintos tipos de soportes informativos.
- Desenvolver un Proxecto Documental Integrado (PDI) a nivel de centro.

- En relación coa formación de usuarios e adquisición da competencia informacional (competencia para o tratamento da información incluída na actual competencia dixital):

- Achegar ao alumnado os documentos da biblioteca para fomentar o interese pola lectura.
- Promover a formación de usuarios na utilización e organización da biblioteca.
- Formarnos na utilización do programa Koha (busca de fondos, creación de usuarios, catalogación, creación de etiquetas,...) e formar ao profesorado para a busca de fondos e realización de préstamos.

- En relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do Proxecto lector de centro (en materia de lectura, escritura e habilidades no uso, tratamento e produción de información):

- Celebrar charlas ou realizar obradoiros relacionados cos proxectos que se traballan no centro.
- Elaborar algunha produción propia relacionada co proxecto documental integrado de centro.
- Fomentar as lecturas compartidas.
- Realizar a solicitude do “Programa Lectura e familias”.
- Propoñer algunha actuación como contacontos ou visita dalgún escritor/ilustrador
- Poñer en práctica as mochilas viaxeiras.
- Dinamizar o uso das bibliopatios.
- Levar a cabo a hora de ler e o préstamo de libros durante a fin de semana.
- Propoñer distintas lecturas, recursos ou actividades para as distintas conmemoracións, en colaboración co resto dos equipos.

- En relación cos avances cara a unha biblioteca inclusiva:

- Apertura da biblioteca en horario non lectivo para ofrecer recursos ao alumnado e familias que o precisen.
- Actualización de fondos específicos de atención á diversidade.
- Crear enlaces coa comunidade educativa, con outros centros e institucións e coa contorna máis cercana.

- Outras actuacións:

- Fomentar máis a implicación e participación das familias e do profesorado.
- Seguir dinamizando o blog da biblioteca e o instagram de centro.
- Dinamizar a visibilización da mascota da biblioteca “Lagoíño”.
- Seguir formándonos a través dun PFPP na liña de Bibliotecas escolares do CFR de Vigo.

5. RECURSOS HUMANOS QUE INTERVEÑEN NAS ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA.

O equipo de biblioteca está formado por YOLANDA CID CONDE (coordinadora), ALEXANDRA NÓVOA FRAGATA(sustituta GORETTI FRANCO RODRÍGUEZ),SILVIA FERNÁNDEZ GÓMEZ E MARÍA DEL CARMEN AREAL GONZÁLEZ.

6. ACTIVIDADES PROGRAMADAS

Tendo en conta a ORDE do 12 de abril de 2024 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2024/25 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia o Equipo de Dinamización da Biblioteca ten pensado levar a cabo as seguintes propostas para dinamizar a biblioteca durante este curso :

- Proxecto documental integrado. Participar ao longo do curso no programa Voz natura.
- Tendo en conta que este curso celebramos o 25 aniversario do noso CRA, levaremos a cabo actividades relacionadas co mesmo.
- Ofrecer recursos ou actividades para as diferentes celebracións/conmemoracións que se levan a cabo ao longo do curso escolar (samaín, día da paz,...)
- Realizar actividades en colaboración cos diferentes equipos (TICS, dinamización da lingua galega, ciclo,...).
- Colaborar no desenvolvemento dos proxectos que se levan a cabo durante o curso escolar.
- Crear unha compilación de recursos web.
- Diseñar actividades relacionadas coa formación de usuarios: explicación dos empréstitos, familiarización coa sinalética empregada na clasificación dos contos,...
- Publicar no blog do centro propostas de lectura, xogos, música, películas,... axeitados á idade dos nenos/as. así como tamén toda a información relacionada coa nosa biblioteca.
- Hora de ler: organizar un tempo dentro da xornada escolar no que achegar a lectura ao alumnado.
- Ofrecer propostas de actividades a realizar nas aulas (dramatización, técnicas Rodari, representación plástica, elaboración de contos orais ou escritos...).
- Realizar préstamos de libros, contos, revistas...
- Fomentar as bibliopatios.
- Organizar contacontos.
- Obradoiros de contadas: un familiar de cada neno/a preparará unha lectura, dramatización,... dun conto que representará ao alumnado.
- Levar a cabo o préstamo de mochilas viaxeiras.
- Ofrecer xogos educativos e robótica relacionados coa Educación Infantil.
- Traballar a literatura infantil en todos os seus ámbitos: contos, poesía, trabalinguas, refráns, cantigas, tanto en galego como en castelán.

➤ Crear recomendacións lectoras de Nadal e de verán.

	ACTIVIDADES PUNTUAIS
Primeiro trimestre	<ul style="list-style-type: none"> - Día da biblioteca escolar (24 de outubro de 2024) - Mes da ciencia en galego nas bibliotecas (novembro) - Colaboración nas conmemoracións deste trimestre: Día contra a Violencia de Xénero e Día das Persoas con Discapacidade, así como no Magosto, Samaín e Nadal.
Segundo trimestre	<ul style="list-style-type: none"> - Día de Rosalía de Castro(23 de febreiro). - Semana da prensa (segunda semana de marzo de 2025). - Día mundial da poesía e da narración oral (20 de marzo) - Colaboración nas conmemoracións deste trimestre: Día da non Violencia e da Paz, Día da Muller
Terceiro trimestre	<ul style="list-style-type: none"> - Semana do Libro (Do 21 ao 25 de abril de 2025) -Colaboración na conmemoración deste trimestre: Semana das Letras Galegas do 13 ao 17 de maio de 2025.

Todas as actividades propostas son flexibles e poden sufrir modificacións. Pola contra, tamén poden xurdir actividades non incluídas no plan, coma exposicións, concursos, encontros con autores e celebracións que serán planificadas ao longo do curso escolar e recollidas na memoria do equipo de dinamización de biblioteca.

7. LER EN FAMILIA. ACTIVIDADES PARA A IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS

A implicación das familias no proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado é algo esencial para favorecer e enriquecer a experiencia educativa dos nenos e nenas. Por iso, desde a biblioteca, trataremos de fomentar a súa participación a través dos préstamos de fin de semana, do obradoiro de contadas, a través das achegas relacionadas co proxecto de centro,...

Ademais temos previsto solicitar o programa “Lectura en familias” que esperemos que nolo concedan e así poder establecer lazos máis fortes coas familias e poder propoñer actividades nas que toda a comunidade se vexa beneficiada.

8. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

A avaliación resulta necesaria para poder mellorar e enriquecer as metas propostas.

Lévase a cabo unha *avaliación inicial*, para valorar o realizado no curso anterior e partir desde aí para establecer o que se quere conseguir durante o curso actual. É moi interesante para esta avaliación ter en conta a enquisa realizada a alumnado e profesorado no anterior curso escolar.

Realízase unha *avaliación continua* ao longo do curso para estimar como se vai desenvolvendo todo o programado e ir axustando os obxectivos e actuacións previstas ás necesidades, demandas e problemáticas que vaian xurdindo.

E finalizarase cunha *avaliación final* para avaliar a consecución dos obxectivos propostos, as actuacións levadas a cabo, a implicación do profesorado, das familias,...

Os datos que recollamos nesta avaliación servirannos para mellorar ou modificar todas as actuacións que teñamos programadas. Algúns indicadores que nos poden servir para valorar o funcionamento da nosa biblioteca son:

- Presenza da biblioteca escolar nos distintos documentos presentes no centro (PXA, Proxecto Lector de Centro,...)
- Préstamos realizados tanto pola biblioteca como polos espazos lectores das aulas.
- Difusión da Biblioteca Escolar en espazos dixitais (web, blog ou Instagram)
- Participación nas diferentes actividades que se propoñen dende a biblioteca.
- Grao de satisfacción das familias, do alumnado e do profesorado a través de enquisas.
- Provisión de recursos e fondos adquiridos en distintos soportes e formatos.

- Integración no actual currículo de Educación Infantil e a súa contribución ás Competencias do alumnado.
- Relación con proxectos e programas do CRA (Voz Natura,...)

A avaliación realizarase a través da observación directa e das propias experiencias postas en marcha, da análise do diario de biblioteca, da comprobación na Check list das actividades realizadas e aquelas que queraron sen facer, a través da información obtida nas reunións trimestrais co profesorado ou na Comisión de Biblioteca e a través de enquisas.

Seguiremos a realizar unha enquisa ao profesorado e ás familias. Aínda que o curso pasado xa pasamos unha enquisa ao profesorado, é interesante repetila este ano dado que se están a dar numerosos cambios na nosa biblioteca (espazos, mellora de fondos, migración ao sistema Koha...) e é interesante comparar os resultados das mesmas.

As conclusións obtidas nesta avaliación, así como as propostas de mellora, incluíranse ao rematar o curso escolar na memoria final de biblioteca. Isto servirá de punto de partida para o vindeiro curso académico.

Concreción anual do plan de convivencia

No presente curso 2024-2025, ao igual que en cursos anteriores, pretendemos acadar unha boa harmonía tanto entre o profesorado como entre as familias-escola (algo importantísimo no proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado), polo que se porá todo da nosa parte para acadala. O alumnado será o centro das actividades, pero terase en conta a toda a comunidade educativa, dado que está implicada no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Temos que ter sempre presentes as características peculiares do noso centro (dispersión das aulas) posto que debido a elas é máis complicado garantir unha convivencia. Por iso, desde este equipo consideramos que debemos traballar conxuntamente co equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares para levar a cabo actividades (convivencias entre aulas ao longo do curso, saídas...) que garantan unha correcta convivencia entre o alumnado co fin de que coñezan ao alumnado e profesorado das outras aulas que forman parte do CRA (o seu centro educativo).

No curso pasado púxose en funcionamento a *figura da persona coordinadora de benestar e convivencia no centro*, tal e como establece a Orde 23 de agosto de 2023, co fin de establecer unhas liñas de actuación común entre toda a comunidade educativa.

Tentaremos aproveitar os recursos da contorna e compartilos con todo o alumnado do CRA para levar a cabo diversas actividades, para as cales solemos contar con pais-nais, avós-avoas, tíos-tías, que voluntariamente participan nelas. Para a programación destas convivencias, formularanse obxectivos relacionados con normas sociais básicas, obxectivos que lle servirán na súa vida diaria.

Concreción anual do Plan de Convivencia 24-25

ACTUACIÓNS	OBXECTIVOS	RESPONSABLES	RECURSOS	TEMPORALIZACIÓN
Presentación do plan de convivencia á comunidade educativa	Difundir e dar a coñecer o plan de convivencia	E. Directivo, titoras, e Xefa Dto. Orientación	NOF	INICIO DE CURSO
Revisión do plan de convivencia e aprobación	Actualizar e realizar as modificacións oportunas	Comisión de Convivencia, E. Directivo, C. Escolar	Plan de Convivencia	INICIO DE CURSO
Desenvolvemento clima da aula	Establecer un bo clima	Profesorado do centro, Profesorado titora da aula	NOF	TODO O CURSO
Implementación modelos de ensinanza variados e diversos para responder á diversidade	Adaptar estratexias metodolóxicas ás necesidades do alumnado	Todo o profesorado	Plan de Convivencia	TODO O CURSO
Presentación normas de aula e do centro ás familias	Dar a coñecer as normas de aula ás familias	E. Directivo, Titoras	NOF, plan de convivencia	CADA INICIO DE CURSO
Presentación no fca ao profesorado	Dar a coñecer as normas de centro ao profesorado	E. Directivo	NOF	CADA INICIO DE CURSO
Recanto da calma-reflexión	Crear un bo clima nas aulas	Equipo Docente	PAT, NOF, Plan de convivencia	TODO O CURSO
Mediación Escolar	Resolver pacificamente os conflitos	Directora, Orientadora, Titoras, Profesorado	PAT, NOF, Plan de convivencia	TODO O CURSO

Díptico Informativo do centro	Difundir información sobre o centro	Centro	Díptico	INICIO CURSO
Díptico de formación e información sobre o ingreso dos fillos-as na Escola (pat)	Informar ás familias dos aspectos máis importantes de cara a incorporación no centro.	Equipo Docente	Díptico, PAT, Plan de convivencia	MES DE XUÑO
Plan de adaptación alumnado estranxeiro (PAT)	Acoller a alumnado de procedencia estranxeira	Directora, Orientadora, Profesorado	PAT	CANDO SE INCORPORE ALUMNADO ESTRANXEIRO
Plan de acollida	Acoller ao alumnado, profesorado.	Directora, Orientadora	NOF	INICIO CURSO

Concreción anual do plan de traballo da coordinadora do benestar e convivencia do centro

OBXECTIVOS	ACCIÓNS	TEMPORALIZACIÓN	INDICADORES DE LOGRO
Fomentar a cultura da paz	Lectura de contos Conmemoracións Visionado de cortos	Todo o curso	-O alumnado adquire valores vinculados coa cultura da paz. -Está sensibilizado ante estes temas
Atender, respectar e coidar ao alumnado vulnerable, con discapacidade	Acompañar a este alumnado e mediar nas interaccións cos iguais para que aprendan a axudalos Celebrar conmemoracións relacionadas coa discapacidade	Todo o curso	- O alumnado sabe comportarse con todos os compañeiros. - Coñecen e entenden diferentes situación persoais, de saúde, físicas de compañeiros
Resolver pacificamente os conflitos do alumnado	Pór a funcionar o rincón da palabra	Todo o curso	- Ante os conflitos o alumnado recorre ao rincón para solucionarlos pacificamente

Traballar as emocións	Contos Imaxes Roll-play	Todo o curso	- O alumnado sabe identificar o que sente. Son capaces de contar como están
Familias: implicar no proceso educativo do centro	Charlas Convivencias celebracións	Todo o curso	As familias senten que forman parte do centro. Colaboran en todas as actividades plantexadas polo centro
Profesorado, ampliar os seus coñecementos en mediación, habilidades sociais...	Formación: Charlas, grupos de traballo	Durante o curso	O profesorado pon en práctica accións relacionadas co benestar, a convivencia e resolución pacífica de conflitos.

Participación do profesorado e do centro en programas de innovación educativa

Durante este curso, ademais dos proxectos presentados na PXA máis os que vaian surxindo, o centro elaborará e presentarse paralelamente a:

- **PROXECTO VOZ NATURA**, no que participa todo o profesorado do CRA e tódalas aulas coa súa propia horta escolar.

O CRA A Lagoa desde hai varios anos participamos no programa Voz Natura. É un programa de educación ambiental de La Voz de Galicia, desenvolvido pola fundación Santiago Rey Fernandez - Latorre. O seu obxectivo é concienciar e implicar á comunidade escolar galega na recuperación e defensa da natureza.

Voz Natura este ano vai celebrar a súa XXVIII edición co título “Ciencia que cuida e preserva”.

Dende o CRA A Lagoa fomos aprobados no proxecto Voz Natura para o presente curso grazas ao programa presentado **“O futuro está nas túas mans: unha viaxe de exploración e descubrimento da ciencia e a sustentabilidade”**. Serán diversas actividades que terán como

eixo as nosas hortas e a ciencia, pois o crecemento das nosas plantas son a mellor maneira que temos nas nosas aulas para ensinalles ciencia, relacionando o coñecemento e uso da ciencia e o método científico para protexer o medio ambiente, axudarémonos de conmemoracións coma o mes da ciencia, o día da nena na ciencia, ou outras datas a sinalar.

- **SOLICITUDE Ó CFR PARA FORMACIÓN DO PROFESORADO NO CENTRO.** Este ano o a liña de formación vai ir orientada cara a prelectura e prerequisites lingüísticos.
- **FORMACIÓN PARA FAMILIAS COA COLABORACIÓN DO CFR.** Previa enquisa ás familias para coñecer as súas cuestións en canto á crianza e así axustar a formación para familias mediante charlas-obradoiros trimestrais impartidas persoal experto na temática elixida. Trataremos de impulsar tamén charlas dende o DO, poñendo en valor a función orientadora e asesora deste departamento, así como coñecemento en materia de atención ás necesidades e á diversidade do alumnado e as súas familias.

Libros de texto e demais materiais curriculares establecidos no centro

Por decisión de claustro, e logo de varias reunións de ciclo analizando libros e materiais curriculares, acordouse que no modelo de escola que buscamos, non queremos empregar libros, polo que os materiais curriculares son de elaboración propia, adaptados ás necesidades do alumnado e ao servizo dunha metodoloxía activa, manipulativa, participativa e de pensamento.

Informe do Claustro

En cumprimento do artigo 97ª do Decreto 374, do 17 de outubro de 1996 polo que se aproba o regulamento das Escolas de Educación Infantil e dos Colexios de Educación Primaria, esta Programación Xeral Anual foi presentada ó Claustro de Mestres, e aprobada por unanimidade en Sesión Ordinaria celebrada o día 8 de outubro de 2.024.

Consello Escolar

En reunión ordinaria do Consello Escolar do centro, celebrada o día 8 de outubro de 2.024, quedou aprobada a Programación Xeral Anual do Centro para o presente curso 2024-2025.

A SECRETARIA



Asdo. Estrella Alonso Couñago

A DIRECTORA



Asdo. Nerea Blanco Táboas




ANEXOS

ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

CRA A Lagoa

CURSO 2024/2025



ÍNDICE

1.- Marco lexislativo.

2. - Datos do equipo de dinamización da lingua galega

3.- Datos lingüísticos do novo alumnado incorporado neste curso ao centro.

4.- Información e valoración das actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizadas por este centro no pasado curso 2023/2024.

5.- Actividades para o fomento e dinamización da lingua galega no curso 2024/2025.

1.- MARCO LEXISLATIVO:

Tomando como referencia o **Decreto 79/2010, do 20 de Maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia** (DOG. nº 97, do martes 25 de maio de 2010), no seu artigo 14º punto 4, corresponde elaborar cada ano unha addenda do Proxecto Lingüístico do centro.

Esta é a primeira addenda do Proxecto Lingüístico xa que neste curso renóvase dito Proxecto.

2.- DATOS DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

A mestra Leticia Varela Claro asume o cargo e funcións de coordinadora do equipo e forma parte do mesmo Nila Isabel Caballero Cid.

3.- DATOS LINGÜÍSTICOS DO NOVO ALUMNADO INCORPORADO NESTE CURSO AO CENTRO.

Neste curso 2024/2025 incorporáronse ao centro 27 nenos/as de 4º de infantil dos cales 8 son galego-falantes e 19 falan castelán . Observase que a lingua materna entre o alumnado de nova incorporación é o castelán habendo unha diferenza significativa. A lingua maioritaria entre o alumnado de 5º e 6º de infantil é o galego.

Nesta etapa, de Educación Infantil, usarase na aula a lingua materna predominante entre os nenos/as tendo en conta a lingua da contorna e procurarase que adquiran o coñecemento da outra lingua, dentro dos límites propios da correspondente etapa e ciclo. A nivel individual atenderase ao alumno/a na súa lingua materna.

4.- INFORMACIÓN E VALORACIÓN DAS ACTIVIDADES PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA REALIZADAS POR ESTE CENTRO NO PASADO CURSO 2023/2024.

As actividades propostas ao principio de curso e recollidas no Plan Xeral foron levadas a cabo na súa totalidade e tiveron moi boa acollida. A continuación faise un breve resumo das mesmas posto que xa se recolleron na Memoria Final de xeito mais amplo e a cal podemos remitirnos.

1º TRIMESTRE:

MAGOSTO

Este curso celebramos o Magosto o 9 de Novembro todas as aulas do Cra no centro cultural de Leirado. Propuxemos contos, videos, cancións, ditos, refráns do magosto, todos eles en galego, para traballar na semana previa. Ese día leváronse a cabo varias instalacións con diferentes propostas. Fixemos a fogata e cantamos unha canción en galego conxuntamente coas familias.

SAMAIN

O 31 de Outubro fixemos convivencias entre escolas: disfrazámonos, fixemos un conxuro, baleiramos cabazas e disfrutamos con bailes e actividades terroríficas.

NADAL

Comenzamos traballando ao redor da figura do Apalpador.

Este curso escolar fixemos un intercambio de postais coa Residencia de maiores de Salvaterra e grabamos un video-felicitación de Nadal para os nosos maiores.

O 21 de decembro celebramos o festival de Nadal na Casa da Cultura de Salvaterra. Fixemos xogos populares, visitamos a decoración do Concello na cal participamos e compartimos parte da xornada cas familias na que bailamos, cantamos e recibimos a visita do Apalpador.

Fixemos un Díptico informativo, en colaboración co equipo de Biblioteca, para as nosas familias con suxerencias de agasallos de Nadal tanto para os nenos como para os maiores, no que se engadiron CÓDIGOS QR.

2º TRIMESTRE:

DÍA DA PAZ:

Cada escola traballou esta temática a través dun padlet elaborado en galego polo EDLG con contos, cancións, poemas, actividades interactivas, curtametraxes... e leváronse a cabo actividades varias: pulseiras, símbolos da paz... con diferentes materiais.

ENTROIDO:

Comezamos coa “Semana do MECO”, no que en cada día da semana houbo un mandato que cumprir. Coñecemos personaxes tradicionais do entroido galego, cancións, tradicións...O desfile e festa de entroido foi no Pavillón de Leirado debida a choiva *xunto cos outros centros educativos* da localidade (CEIP Leirado e CEIP Carlos Casares) o 9 de Febreiro. Alí lemos o testamento e queimamos o Meco os cales fixemos todos os centros en coordinación e por último cada colexio fai o seu baile do que todos e todas disfrutamos. O noso disfrace foi de abellas e apicultores retomando parte do noso proxecto (bechos).

DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO:

Traballamos sobre a súa vida e obra e seguindo as propostas da AELG ; cada aula plasmou nun cartel con diferentes técnicas unha estrofa de diferentes poemas da autora e finalmente todo quedou recollido nun libro viaxeiro que percorreu as diferentes aulas do Cra.

DÍA DA MULLER (8M):

Para celebrar este día a proposta suxerida fixo homenaxe, segundo as inquedanzas da rapazada, á primeira muller aviadora, Amelia Earhart. E tamén se levaron a cabo outras actividades como marca páxinas, debuxos sobres as mulleres importantes nas vidas dos cativos...

DÍA DO LIBRO:

Nesta conmemoración leváronse a cabo actividades de dinamización e animación á lectura en galego introducindo Códigos QR en colaboración co Equipo de Biblioteca.

3º TRIMESTRE:

SEMANA DAS LETRAS GALEGAS:

Coñecemos á autora homenaxeada, Luisa Villalta, a través de diferentes actividades entorno á súa obra e seguindo algunhas das propostas do Seminario Galán.

Por outro lado, para promover o uso do galego nos máis cativos decoramos unhas lámpadas de papel cas súas verbas favoritas en galego a través de diferentes técnicas plásticas. Estas lámpadas decoraron a Carballeira de Lira onde festexamos o fin de curso.

REVISTA RANÍCULA Nº 22:

Elaboramos de novo a revista escolar: Ranícula nº 22, a cal foi impresa e a toda cor. Nesta revista participou todo o profesorado e alumnado do CRA. Un ano máis, resultou moi interesante compilar todo o traballo feito polo alumnado ao longo do curso e velo plasmado na revista aínda que todo é imposible. O centro segue asumindo unha parte de custo xa que a axuda concedida para o proxecto non dá para todo o gasto.

FESTA DA SEMENTEIRA:

O día 9 de Maio, levamos a cabo unha xornada todas as escolas do Cra na Área Recreativa do Muíño da Ponte (paseo Fluvial do Mendo) na parroquia de Corzáns onde se celebra a FESTA DA SEMENTEIRA. Fixemos unha visita ao Muíño da Ponte, levamos a cabo xogos tradicionais, cantamos, bailamos... para amosar ao máis pequenos a importancia das tradicións galegas e facelos partícipes da mesma. Actividade que resultou moi enriquecedora.

5. - ACTIVIDADES PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA NO CURSO 2023/2024

De xeito xeral:

- Promover actividades que se oferten dende a contorna e dende a administración que favorezan o proceso normalizador.
- Colaboración e coordinación cos demais equipos de traballo para levar a cabo todo tipo de actividades, proxectos, celebracións, conmemoracións...co obxectivo de promover a nosa lingua tanto oral coma escrita.
- Celebracións conxunta cos centros docentes da contorna (desfile entroido entre outros).
- Levar a cabo actividades con outras institucións, entidades ou asociacións externas ao centro, co obxectivo de potenciar o uso da lingua galega fóra do centro: centro de maiores.
- Aproximación á lectura en galego e fomento do uso de libros en galego.

DATAS SINALADAS : 23 de febreiro Día de Rosalía, 17 de maio Letras Galegas.

A continuación presentamos as actividades que se levarán a cabo por trimestres:

1º TRIMESTRE:

MAGOSTO:

Este curso celebramos o magosto o día 11 de outubro a través de convivencias entre escolas:

Arantei – Cabreira

Vesada- Oleiros-Corzáns

Fornelos-Pesqueiras

Nesta xornada levaremos a cabo xogos tradicionais que versionamos coa temática do magosto como o encesto de castaña, a castaña por detrás ou a carreira de carretillas. Ademais nas semanas previas se traballa na aula a canción *Rap do magosto* de Paco Nogueiras.

SAMAÍN:

Celebrarase o día 30 de outubro en Xerme todas as escolas xuntas con xogos, talleres e instalacións relacionadas ca temática. Se chove trasladariámonos a Leirado.

MES DA CIENCIA EN GALEGO:

Coordinarémonos co Equipo de Biblioteca para utilizar recursos da mesma, acercándonos a figuras galegas relevantes da ciencia.

NADAL:

Achegarémonos á figura do apalpador a través de contos que atopamos dentro dos recursos da biblioteca co CRA. Ademais coordinarémonos co Equipo de Actividades Complementaria e Extraescolares para planificar a celebración todas as aulas xuntas destas datas.

2º TRIMESTRE:

DÍA DE ROSALÍA: (23 de Febreiro):

Profundizaremos la figura relevante da escritora a través de diferentes actividades, talleres, propostas e contos que nos proporcionará o Equipo de Biblioteca.

ENTROIDO: (28 Febreiro)

Propoñemos levar a cabo a “Semana da Meca” na que cada día da semana a Meca da un mandato que debemos cumprir.

Coñeceremos algunhas figuras tradicionais do entroido galego, cancións, tradicións, comidas...favorecendo así o coñecemento da nosa cultura.

Voltearemos a desfilar polas rúas de Salvaterra xunto con outros centros educativos da localidade.

DÍA DA MULLER (8M):

Levaremos a cabo unha actividade en colaboración co equipo de extraescolares que aínda está por concretar e que ten como obxectivo principal resaltar o papel imprescindibles das mulleres da nosa contorna.

3º TRIMESTRE:

SEMANA DAS LETRAS GALEGAS:

Realizaremos propostas que nos acheguen á figura das cantareiras, a quen se homenaxea en 2025, a través das cales sobreviviu a nosa cultura oral.

Colaboraremos con asociacións da localidade e realizaremos actividades conxuntas.

Relacionarémolo co 25 aniversario do CRA.

A SEMENTEIRA:

Levaremos a cabo unha xornada todas as escolas do Cra na Área Recreativa do Muiño da Ponte (paseo Fluvial do Mendo) na parroquia de Corzans onde se celebra a FESTA DA SEMENTEIRA.

REVISTA RANÍCULA Nº 23:

Elaboraremos a revista escolar Ranícula nº 23 na que reflectiremos algunhas das actividades realizadas ó longo do curso. Seguiremos co formato impreso, engadindo código QR e ademais de subila ao blogue do Cra. Entregarase un exemplar a toda cor a todo o alumnado ao finalizar o curso.


Ao longo do curso cabe a posibilidade de que se poidan modificar actividades propostas por atrancos para a súa realización ou outras causas . Pola contra poden organizarse actividades non incluídas no plan e que a confluencia de factores favoreza a súa realización.

A coordinadora:

Leticia Varela Claro.

Vº e Prace:

A directora: Nerea Blanco Táboas.



Aprobado polo Claustro e informado ao Consello Escolar .

En Salvaterra de Miño, a 8 de OUTUBRO de 2024.

ANEXO II: PROGRAMACIÓN A.N.P.A PEQUENIÑOS PARA O CURSO 2024/25

Tras realizarse a asemblea xeral ordinaria do 17 de setembro de 2024 coas nais e pais do alumnado do C.R.A. apróbanse as seguintes actividades a realizar pola ANPA Pequeniños.

» A actividade central da ANPA e a instauración e mantemento do servizo concilia. Finalmente levase a cabo en 5 aulas da seguinte forma:

- Aula espera en: Cabreira, Pesqueiras, Fornelos.
- Aula madrugada: Pesqueiras, Vesada, Fornelos Oleiros.

» Tamén o primeiro trimestre farase en colaboración co centro escolar a excursión á Granxa Escola Kiriko. Para que a cativada desfrute do contacto e a aprendizaxe no rural.

» Faranse dúas formacións (a través da Subvención de Corresponsables) para formar a homes no reparto dos coidados, a corresponsabilidade no fogar e na familia.

» E como todo os anos temos as actividades que se desenvolven ao longo do curso onde a ANPA colabora da seguinte forma:

- Na festa do magosto: apórtase froita, faise a fogueira asando as castañas e o chocolate quente.
- No Samaín: aportaremos tamén a merenda
- No nadal: da nosa parte agasallos e merenda
- No entroido: aportamos a merenda
- No fin de curso encargámonos da excursión de fin de curso
- Na festa de fin de curso corre pola nosa man as actividades de animación.

Para outras actividades que a directiva da A.N.P.A. queira facer pasarase a proposta co debido tempo para que o centro valore a viabilidade.